

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19**

### **SESION ORDINARIA 22 DE DECEMBRO DE 2014**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, M<sup>a</sup> Olga  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luis  
Araújo Pereira, Marcos.  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTEN**

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e dous minutos do día vinte e dous de decembro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D.

José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Rematado o Pleno extraordinario, procedemos coa sesión ordinaria, 22 de decembro, iníciase o Pleno, constátase quórum, xa se abriu sesión pública e iniciamos o Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(226).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 27.10.2014).**

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 27 de outubro de 2014.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se realizaron.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

##### **3.1(227).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA DE D<sup>a</sup> ARACELI LAGO CASTRO, INSTANDO A RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DO CAMIÑO PUGARIÑO EN TEIS. EXPTE. 1734/244. (1018/1101).**

ANTECEDENTES.- O xefe do servizo de Patrimonio co conforme da concelleira delegada da Área, con data 24 de outubro de 2014, emite o seguinte informe proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- Da. Araceli Lago Castro presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.12.2013 solicitando a rectificación do Inventario Municipal de Bens-Viais do tramo de vial denominado Pugariño que atravesa a súa finca, ao tratarse dun servizo de paso tal como resultaría das escrituras que achega.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Servizo de Vías e Obras do 25-2-2014, 21-8-2014 e 22-9-2014.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 21-2-2014.
- Informe do Arquitecto de Patrimonio de data 2-3-2014.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 6-3-2014.
- Informe do Servizo de Limpeza de data 3-7-2014.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia a Asociación Veciñal de Teis e os propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que puidéranse ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- Da. Ana M<sup>a</sup> Garabal Vázquez en data 11-8-2014, alegando que tratase dun camiño publico considerado así pola comunidade veciñal e pola propia interesada, téndose cedido terreo polos veciños para súa ampliación como consta no Concello.
- A Asociación de Veciños de Teis, en data 19-8-2014, sinalando que sempre se tratou dun camiño de carácter publico e así o manifestan os veciños, solicitando seu arranxo e o mantemento do carácter público xa que a clasificación como privado prexudicaría aos veciños que o usan.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como cño. Pugariño, con inicio no cño. Padin R-2 e remate no cño. Traida das Augas, dunha lonxitude de 250 m e sección media de 205 metros. Ben de dominio público afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do camiño Pugariño. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación se seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de reseñar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto a cuestión da rectificación inventarial solicitada. A interesada

presenta unha rectificación inventarial baseada nunha reclamación sobre o carácter privado do camiño, o estimar que se trata dun servizo de paso que atravesará súa propiedade, segundo resultaría da documentación achegada, na que faise mención a unha finca de 565 m<sup>2</sup> de cabida onde situase unha casa, co terreo o seu fronte, destinado ó servizo de paso. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese tramo de camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, o que cabe concluír que concorre no presente caso.

Pola súa configuración física, trátase dun camiño que serve de conexión entre outras vías municipais, o ter orixe no cño. Padín R-2 e remate no cño. Traída das Augas, integrándose polo tanto na rede viaria municipal, e que atopase aberto o uso común e xeral dos veciños dende fai anos, tal e como manifestan a A.V. de Teis e outros veciños durante a instrución do expediente, considerando como camiño de uso público e opoñéndose polo tanto a solicitude de rectificación inventarial. Así mesmo, figura reflectido como vía pública na cartografía do catastro, e dispón do servizo de alumbeado público atopándose incluída nas operacións de mantemento e conservación (informe dos Servizos Enerxéticos de data 21.2.2014). Por outra banda, o servizo de vías e obras informa da existencia de acordos cos propietarios colindantes para acadar o seu ensanche e mellora, traballos pendentes de execución.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito camiño Pugariño ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non apreciase unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación ou rectificación inventarial por falta de causa que a motive, posto que, prima facie, este forma parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que trátase dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL). En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria de 15 de decembro de 2014, ditaminou favorablemente dita proposta.

*(No momento da votación atópanse ausentes o Sr. Fidalgo Iglesias e a Sra. Iglesias Bueno)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

ÚNICO.- Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Da. Araceli Lago Castro mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.12.2013 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Pugariño, na parroquia de Teis, recollido no epígrafe I de Vías do Inventario municipal de bens e dereitos."

#### **4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as*

*persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(228).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZACIÓN DAS MELLORAS APROBADAS, FAI SEIS MESES, NA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE VIGO. EXPTE. 1024/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de decembro de 2014, número 1024/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

#### MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de Agosto de 2013 foi aprobada polo PSdeG-PSOE e o BNG esta moción con 12 votos a favor e a abstención do Partido Popular onde se reclamaba realicen melloras nas instalacións da Estación de Autobuses de Vigo por parte da Xunta de Galicia. Na actualidade non se iniciaron as obras aprobadas fai 6 meses, sobre todo as escaleiras de baixada ás plataformas que seguen avariadas logo de tres anos, polo que chegar coa maletas require un gran esforzo e máis nestas datas de gran demanda do servizo polas festas do Nadal.

Dentro da cadea de valor do transporte de viaxeiros por estrada, as estacións de autobuses desempeñan un papel relevante como eslabón necesario para a adecuada prestación do servizo de transporte público. Non debemos esquecer a importancia que o sistema de estación de autobuses ten para a actividade económica e a cohesión territorial, xa que permite garantir a mobilidade dos cidadáns dentro dun territorio e cara o exterior.

No Concello de Vigo, se reciben varias queixas e suxestións en relación co funcionamento e a calidade dos servizos prestados na Estación de Autobuses de Vigo, sita na Avenida de Madrid. Esta estación se xestiona de forma indirecta, a través dunha concesión administrativa. Sen embargo, esta circunstancia non pode facer esquecer a súa titularidade pública e a súa afección a un servizo público. Polo tanto, a responsabilidade última das condicións das súas instalacións e da calidade dos servizos prestados corresponde a Administración Pública titular -neste caso, a Xunta de Galicia-.

Se denuncian aspectos en relación cos sistemas de información aos usuarios (como a inexistencia dunha megafonía de calidade para as persoas con perda de audición que anuncien tanto as saídas como as chegadas, paneis informativos en zonas clave como na sala de espera a través dos cales se proporcione a información relevante), coas condicións de salubridade e hixiene (como a falta de realización de servizos de limpeza con asiduidade, a falta de papeleiras no entorno das paradas de taxis), coa falta de seguridade e vixilancia, co acceso aos usuarios (como a falta de indicacións e carteis, o estado da escaleira mecánica) ou co nivel dos servizos conexos ou complementarios (cafeterías, por exemplo).

É necesario realizar melloras nas instalacións da estación de autobuses que garantan que as prestacións e servizos ofrecidos nas mesmas sexan satisfactorios para os viaxeiros que as utilizan e fomentar así a utilización do transporte público, menos contaminante e mais eficiente.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

-Instar a Xunta de Galicia a que realice no menor tempo posible as melloras aprobadas nas instalacións da Estación de Autobuses de Vigo, aprobadas fai 6 meses para garantir unha prestación eficaz e de calidade aos usuarios.

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: En agosto do ano 2013 trouxemos a este Pleno unha moción para esixir á Xunta de Galicia que atendese á cidade de Vigo, unha nova moción para que atendese á cidade de Vigo e tratase ás viguesas/es co debido respecto que se merecen. Vemos como a estación de autobuses de cidade máis importante de Galicia, nestes momentos está completamente abandonada, máis dun ano despois esa estación segue nun estado precario, deficitario e nun estado deficiente para unha cidade como é a cidade de Vigo.

O transporte público, o transporte de viaxeiros é unha das ferramentas máis importantes para a vertebración dun país, dun país como o noso, como Galicia, nestas datas onde tódolos vigueses/as se trasladan, onde tódolos galegos/as se trasladan polo seu territorio, que van visitar as súas familias, que volven as súas casas, vemos como teñen que volver, retornar as súas casas e teñen tirar polas



maletas por unhas escaleiras que neste momentos seguen sen funcionar. Nunha estación que ten uns servizos deficientes, nun momento tan importante para o sistema de transporte público, vemos como o Partido Popular, como goberno da Xunta de Galicia non cre no sector de servizos públicos da nosa comunidade autónoma, do noso país. Vemos como ten deteriorado de forma importante o sistema sanitario, vemos como hai menos sanitarios en Vigo e experimentan cun hospital privado, vemos como cada vez os nosos nenos/as teñen menos mestres nas escolas e como cada vez se pechan máis servizos e máis colexios no sistema educativo.

O Partido Popular, non cre nos servizos públicos e non cre tampouco non transporte público. Vemos como cada vez temos menos transporte público, vemos como dentro da nosa Área Metropolitana reducíronse as liñas que chegan a Vigo, dende Baiona, de Gondomar, de Nigrán, así poderíamos enumerar un a un tódalas redes de tódolos concellos da nosa área, e ao mesmo tempo fálannos de transporte metropolitano cando eles son os que están matando, deteriorando seriamente o transporte metropolitano. Tiñamos que estar falando nestes momentos dunha nova estación, e por desgracia temos que traer ao Pleno que non se arranxa nin a estación actual.

Os gobernos do Partido Socialista en España, na Xunta de Galicia e en Vigo tiñan deseñado unha estación intermodal, unha nova estación en Vigo, tanto para o ferrocarril como para o transporte por carreteira, vimos como no proxecto de Tom Mayne tiñamos unha gran estación onde estaba integrado, onde podías chegar en autobús e marchar en tren e ao mesmo tempo coller un avión, vemos que non só teñen deteriorado o aeroporto con axudas alegais aos outros aeroportos de Galicia e con abandonos serios e pouco responsables á cidade de Vigo, por terra, por mar e por aire. Volvo repetir a Xunta de Galicia e os gobernos do Partido Popular teñen abandonada á cidade por terra, mar e por aire. Vemos como a Autopista do Mar segue sen ser unha realidade, vemos o gran atraso que ten a Autopista do Mar, vemos a falla de axudas que temos no Aeroporto de Vigo mentres o Aeroporto de Santiago de Compostela e o de A Coruña seguen apoiados con axudas escuras e vemos como non temos unha estación de autobuses digna da altura da nosa cidade e que nós como vigueses imos esixir, o goberno desta cidade como vigueses imos a esixir e a min daríame vergoña pertencer ao Partido Popular e

rirme desta situación de non defender os intereses de Vigo, porque Vigo ten que estar por enriba de todo, sobre todos das cores políticos.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente en agosto de 2013 aprobamos unha moción que instaba á Xunta de Galicia a realizar melloras na estación de autobuses porque son certas as carencias, non funcionan as escaleiras mecánicas, non hai limpeza, é malo o servizo de información. Nesa moción cando se aprobaba, o Bloque Nacionalista Galego presentara unha emenda instando ao Goberno Local e á Xunta de Galicia a resolver o problema do transporte metropolitano, aprobárase esa emenda, a partires da aprobación desa emenda e co pacto do Partido Popular e o Socialista, presentáronnos unha propaganda de que todo se arraxaba co pacto do Partido Popular e o Partido Socialista este problema do transporte metropolitano quedaba resolto, pura propaganda, a “intente cordiale” do Partido Popular e Socialista, resultado cero “patatero”, nada de nada, mera propaganda. Por desgracia iso é unha evidencia en todo a propaganda que nos presentaron do pacto.

Para nós a estación de autobuses hai que arraxala de maneira rápida, pero hoxe xa non chega, hai que demandar da Xunta de Galicia a construción dunha nova estación anexa á estación do AVE, con motivo dunha serie de reunións que se propuxeron en Vigo onde veu a Ministra a Sra. Pastor, o Secretario de Estado, que hoxe é Ministro de Xustiza, o Sr. Catalá, o Conselleiro de Infraestruturas, convidábanos ós sindicatos, aos partidos políticos, aos empresarios e eu quedei alucinado, nos viñan a botar unha “bronca” porque en Vigo non comprábase locais comerciais da nova estación e polo tanto non se podía licitar, e a preguntas do Bloque Nacionalista Galego que tiñan que responder porque os eran máximos representantes institucionais, negábanse a contestar incluso preguntas que previamente lle fixéramos por escrito, diciámoslle ao Sr. Catalá, vostede como representante do Estado o que ten que responder é que Guixar se converta nunha estación permanente de cercanías para vertebrar a Área Metropolitana, e non facer o que fixeron, que saben que agora calquera persoa que veña de Vilagarcía, de Ferrol, Santiago de Compostela, chega a Vigo á estación de Urzáiz, e queira ir a O Porto e tense que ir a Guixar nun taxi e desprazarse para ir a O Porto, unha auténtica barbaridade, a estación de Guixar ten que ser de inicio e final de término

para vertebrar o territorio. Diciámoslle que ademais había que unir a estación de Guixar coa nova estación, e dicíamos algo importante tamén para converter a estación de Urzáiz en estación intermodal, que había que construír unha estación de autobuses para autobuses interurbanos e un intercambiador de autobuses urbanos en Urzáiz, e iso era urxente senón non ten sentido construír unha nova estación que non unifique, planifique a intermodalidade, porque ademais diciámoslle que había que unir a estación de Urzáiz coa autoestrada para así unir por autoestrada o Aeroporto, cuestións que son de sentido común. Diciámoslle ademais que había que aproveitar a situación para facer urbano o tramo de Teis a Vigo, xa en cuestións de falla de sensibilidade como era recuperar a fachada da antiga estación, diso nin falar.

Estas cuestións propuxémosllas porque era necesario converter a estación de Urzáiz en intermodal, nada de nada.

O Bloque Nacionalista Galego vai seguir pelexando por estas cuestións, pero a situación é difícil porque o Partido Popular no Goberno do Estado e no Goberno da Xunta de Galicia está empeñado a negarlle a Vigo todo, porque non goberna, e o grave é que o Partido Socialista, o Sr. Alcalde está máis preocupado en conseguir votos que en realmente pelexar por estas cuestións, entón vaille o papel de vítima, prefire ir de vítima, cun Partido Popular que nos castiga, un Alcalde que vai de vítima, Vigo padece esta situación sen solucións.

Nós imos presentar unha emenda de engádeda que di: instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que constrúa de maneira urxente a estación de autobuses anexa á estación do AVE, con conexións directas coa AP-9, co Porto, Aeroporto e co Campus universitario, con paradas de autobuses interurbanos e intercambiador de urbanos para que a estación de Urzáiz sexa a auténtica estación intermodal.

SR. ARAÚJO PEREIRA: O contido argumentario da súa moción Sr. Regades, por unha vez imos estar de acordo na primeira parte, é certo que a estación leva un atraso grande nas obras de mellora, tamén é certo que en 2013 nós abstivemos porque non tiña ningunha lóxica o que se demandaba porque se é verdade que as obras estaban executadas, se fixeran portas automáticas, reparación de ascensores, repintado horizontal de aparcadoiros, renovación e sinalización interior, mellora da iluminación exterior, eliminación das pintadas do edificio, mantemento varios en

reparación, vernizado e pintado, reposicións de elementos de falso teito, limpeza de pavimento no entorno das dársenas, mellora no sistema de iluminación, é certo que no 2013 si se fixera, tamén é certo que na actualidade a estación de Vigo como primeira cidade de Galicia non reúne as condicións oportunas para que os viaxeiros estean cómodos.

Vou máis alá do que argumenta na súa moción, porque é certo que a estación non ten servizos, a cafetería non funciona cando ten que funcionar, as zonas comerciais están valeiras, a verdade é que está desolada, é certo que se require unha nova estación, iso tamén está planificado, pero é verdade que os proxectos están ben, os contos tamén están ben, pero hai que ser realista e hai que ter partidas orzamentarias para executalos, planificar está ben pero hai que facelo, e vostedes tanto no goberno Central como no Autonómico pasaron moitos anos e non fixeron absolutamente nada de nada.

En xaneiro de 2013, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas presentou un Plan renove para as estacións de autobuses que levaban moito tempo sen facérselle nada de mantemento e polo menos de renovación e actualización, iso é o que fai o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. O obxectivo do Plan era mellorar e por en valor as instalacións de servizos público ao mesmo tempo que melloraba a calidade que perciben os pasaxeiros e potenciar os aspectos como accesibilidade, a información aos usuarios, a supresión de barreiras arquitectónicas e como non a intermodalidade. Tamén é certo que en xuño de 2013 presentouse a memoria do Plan, que enumeraba as accións que se ían facer nas estacións, licítase o proxecto o 10 de outubro de 2013 e o 26 de xaneiro de 2014 a Consellería de Medio Ambiente e Territorio, inicia o expediente de contratación por procedemento aberto para a licitación das obras; preséntanse varias empresas, en xullo de 2014 concédeselle a unha das empresas por un importe para Vigo de 176.301 euros. É verdade que houbo un certo atraso ao principio das obras por un tema de licenza municipal, que ao principio se demandaba licenza municipal, é certo que despois de un par de meses xa nos poñíamos case en novembro, se lle informa de que é unha obra menor, é verdade que non había ningún cambio estrutural e se lle mandaba certa información, a partires de aí empezan as obras, é verdade que as obras levan moito atraso, é verdade que as obras tiñan que acabar o 4 de xaneiro e non van acabar o 4 xaneiro, as obras consisten en cambio das

portas dos ascensores, sobre todo nas escaleiras automatizadas cambialas e facelas accesibles, e facer accesible a zona de entrada para a xente que teña algún tipo de discapacidade.

A parte disto, é certo e está ben que se mande doutras administracións as melloras para transporte público da nosa cidade, pero a pregunta que nos facemos os cidadáns, Sr. Alcalde, Sr. Concelleiro, é que está facendo este Concelleiro, este Alcalde, polo transporte? Eu cóntolle, en sete anos este grupo de goberno no fixo absolutamente nada polo transporte e transporte metropolitano, ten paralizado o transporte metropolitano por falla de capacidade de negociación con outras administracións e tamén coa concesionaria e é un problema real, é verdade que dende a Consellería non pode tratar aos vigueses diferente da xente de A Coruña, Lugo ou Ourense que indubidablemente se que nos gustaría, pero aquí hai que seguir a lexislación e os procedementos administrativos.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade, vendo a proposta que fai na emenda de engádeda o Bloque Nacionalista Galego e vendo o discurso, pois non van en sintonía, porque a proposta que nos fai é que eu vou a aceptar, que o Grupo Socialista vai aceptar, que o Goberno da cidade vai aceptar porque é unha proposta construtiva, que xa o Presidente o Sr. Touriño propuxera cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista na Xunta de Galicia, como é unha idea nosa, un proxecto noso por suposto que o imos aceptar.

O discurso non ía nesa relación, non ía en paralelo, señores do Bloque Nacionalista Galego aquí decides moito pero no Parlamento de España con moita diferenza, as iniciativas sobre o transporte na cidade de Vigo, sobre o Aeroporto, sobre o ferrocarril, sobre todo tipo de transporte da nosa cidade están propostas por unha compañeira desta Corporación, pola Sra. Silva, con moita diferenza e máis iniciativas que as do representante do Bloque Nacionalista Galego.

Falábamos de reserva do Patrimonio histórico, que nos falen a nós da fachada da antiga estación do ferrocarril, pois a verdade, chámanos a atención porque como sabedes este Alcalde sendo ministro foi o que preservou esa fachada da estación, cando era ministro, e que estivo alí moitos anos. Si é verdade que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular por dicir que non a esta cidade son capaces de calquera cousa, incluso son capaces de dicir que non no discurso e dicir que si

nos papeis, porque saben que a coherencia tanto política como cidadá e a que se ten que levar a cabo.

Cando o Partido Popular di que non se fixo nada nos gobernos do Partido Socialista, eu non sei se non viviron nesta cidade, non estiveron eses anos nesta cidade porque se van ao Aeroporto hai un novo Aeroporto, xestionado polos gobernos do Partido Socialista, pero si van ao Porto hai un novo porto xestionado polos gobernos do Partido Socialista, deseñado, proxectado e adxudicado, pero seguramente se tamén van a estación do ferrocarril, esa estación que estes días vemos como se está rematando, esa estación foi deseñada, adxudicada e iniciada por gobernos do Partido Socialista. Eu a verdade Sr. Araújo, eu entendo o papel que lle fan xogar, pero a verdade é un papelón porque dicir que nesta cidade o goberno do Sr. Caballero, o goberno de Vigo e o goberno do Partido Socialista, tanto cando gobernamos na Xunta de Galicia como gobernamos no Estado, abandonamos a cidade, iso é unha mentira, o único que abandona esta cidade é o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular onde gobernan e aquí neste Pleno.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta a seguinte emenda de engádeda

Engadir ao acordo un segundo punto co seguinte texto:

.- Instar ao goberno da Xunta a que constrúa de maneira urxente a estación de autobuses anexa á estación do AVE, con conexións directas coa AP-9, co porto, co aeroporto e co campus universitario, con parada de autobuses interurbanos e intercambiador de urbanos, para que a estación de Urzáiz sexa unha auténtica estación intermodal.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Regades Fernández, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase engadir a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.12.2014 (Rex. Nº 1024/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, coa emenda de engádeda presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, co seguinte texto:

1.- Instar a Xunta de Galicia a que realice no menor tempo posible as melloras aprobadas nas instalacións da Estación de Autobuses de Vigo, aprobadas fai 6 meses para garantir unha prestación eficaz e de calidade aos usuarios.

2.- Instar ao goberno da Xunta a que constrúa de maneira urxente a estación de autobuses anexa á estación do AVE, con conexións directas coa AP-9, co porto, co aeroporto e co campus universitario, con parada de autobuses interurbanos e intercambiador de urbanos, para que a estación de Urzáiz sexa unha auténtica estación intermodal.

**5.2(229).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZACIÓN DAS OBRAS E INVESTIMENTOS NECESARIOS PARA DOTAR Á CIDADE DE VIGO DUNHA EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE. EXPTE. 1025/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de decembro de 2014, número 1025/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

"No momento actual, coa tremenda crise financeira e económica que padecemos, a educación é un dos aspectos principais que, debidamente reforzados, pódenos servir para superar as tremendas dificultades polas que atravesamos.

A educación non é un gasto senón una inversión de futuro.

O sistema educativo galego debe ser sinónimo de equidade e excelencia, factores indisolubles para acadar unha verdadeira educación de calidade xunto ao seu carácter de universal, laica e gratuíta.

Asemade, a inversión en educación é un factor de activación da economía no marco da sustentabilidade, que é a mellor inversión económica que pode facerse e a mellor estratexia para lograr unha sociedade máis integrada, igualitaria, democrática e eficiente.

As infraestruturas educativas públicas da nosa cidade precisan de investimento. Investimento para manter as dotacións necesarias para non perder calidade; investimento para a renovación das infraestruturas dalgúns centros que o precisan : tellados, ventás, cubrimento de pistas...; investimento para novas dotacións adecuadas ao presente como comedores, bibliotecas, aulas de idiomas, ...; investimento para a mellora da accesibilidade e a seguridade das instalacións educativas, etc.

Pero a reforma da Administración Local, impulsada polo Goberno central e que entrou en vigor no mes de decembro de 2013, restrinxe as actuacións dos concellos a *" Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial."*. Se fala soamente de conservación e mantemento, non de inversión.

Non obstante, o Concello de Vigo ademais de aumentar nestes derradeiros anos a partida destinada a conservación e mantemento da rede de centros públicos de educación infantil e primaria, e de ter no 2014 un orzamento específico en obras de accesibilidade en 21 centros da cidade para traballos de eliminación de barreiras arquitectónicas, substitucións de escaleiras por rampas, colocación de barandas e pasamáns e adaptación de aseos para discapacitados; ademais acometeu obras demandadas polos centros e non resoltas pola Administración autonómica competente, a Xunta de Galicia.

Neste intre, os centros teñen obras e tarefas pendentes de realizar e que requiren de investimento, un investimento que non chega dado o escaso compromiso adquirido pola Xunta para coa cidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO



- Instar á Xunta de Galicia a acometer as obras e investimentos necesarios para dotar á primeira cidade de Galicia dos medios para que non se deteriore a educación pública, garantía de calidade na formación das vindeiras xeracións."

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Educación ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. ALONSO SUÁREZ: Durante estes anos do Goberno do Sr. Feijóo o sistema educativo galego viu como se reducía o seu orzamento nuns 750 millóns de euros, en 2009 o gasto en Educación por habitante era de 860 euros, mentres que no 2014 o gasto por habitante é 670 euros, 190 euros menos por habitante e iso ten obviamente claras consecuencias no sistema educativo, menos cartos para a educación infantil, primaria e secundaria, menos cartos para formación profesional, menos cartos para universidades, menos profesorado, repagos ou copagos en libros de texto e comedores escolares, menos cartos para bolsas de estudos, menos cartos para gastos de funcionamento dos centros e para materiais didácticos e 50 millóns de euros menos para obras de reparacións e arranxos en centros educativos, é dicir, un 75% menos do que había no ano 2009. As necesidades de arranxo maiores e reformas case integrais crecen na rede de centros educativos de Galicia e da nosa cidade, moitos superaron a barreira crítica para unha edificación dos 30 anos, a idade dos colexios determina tamén a esixencia de acometer obras para eliminar barreiras arquitectónicas ou instalar fiestras que illen mellor para reducir o consumo de enerxía, os edificios vanse facendo vellos e dende a Xunta de Galicia os investimentos que se fan son mínimos, e cando xa é moi vello empeza a dicotomía de se é un investimento ou é mantemento, porque este Concello o que ten que facer é manter o que se poida manter, pero cousas que están obsoletas totais, esixen un investimento.

A partida orzamentaria da Xunta de Galicia para o ano 2015 para obras de reparacións, ampliacións e melloras en centros de educación infantil e primaria é de 3.200.000 euros, para a provincia de Pontevedra 1.060.000 euros, no ano 2009 presupostáronse doce millóns, e iso que din que a crise económica ten chegado ao

seu fin. É verdade que se construíu novo o Virxe do Rocío, pero que lle pregunten a súa directora cantos problemas xera xa, e xerou dende o principio esta construción. Tamén foi cambiada a cuberta do Canicouva, e o Vicente Risco, con todas esas deficiencias que ten de goteiras no teito, a través das fiestras, humidades galopantes, todo iso, toda a comunidade educativa esixía unha reforma integral e non parches, unha reforma integral que se lle prometeu e que neste momento se está parcheando.

Polo tanto, o mantemento que realiza o Concello resulta insuficiente cando se trata destas infraestruturas que arrastran problemas estruturais, algunhas carencias son subsanables pero outras condicionan o día a día das comunidades educativas e xeran preocupación entre pais e profesores.

Neste sentido nos últimos sete anos a liña do Concello de Vigo co seu Alcalde á cabeza foi sempre clara, os nenos/as desta cidade merecen o acceso á mellor educación posible e que esta se imparta en condicións óptimas, isto implicou que o Concello de Vigo viuse obrigado a realizar outros traballos que non lle corresponde para garantir que os estudantes da nosa cidade non sufrisen a desidia do Goberno da Xunta de Galicia, deste xeito o Concello asumiu por exemplo a reconversión da casa do conserxe nun espacio para a biblioteca no Celso Emilio Ferreiro, os alumnos do colexio público de Castelao gozan xa dunha pista deportiva e de recreo cuberta, un importe de 155.000 euros asumidos en exclusiva por este Concello, fixéronse aseos adaptados completamente novos, por ser imposible seguir parcheando o imparcheable, e foi necesario facelos novos, deste modo os alumnos gozarán dun servizo de maior calidade, aseos novos adaptados en Coutada-Beade, Mosteiro-Bembrive, Mestres Goldar, Sello Cabral, pero tamén o asfaltado da pista de Carballal-Cabral, alicatados no Ría de Vigo, un orto exterior en Canicouva e a así etc, etc.

Por todo isto, esixímoslle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poñer en marcha un plan plurianual, serio, rigoroso, obxectivo e cun calendario preciso de arranxo dos edificios, dos centros educativos públicos da nosa cidade porque esta cidade e o seu sistema educativo mereceno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de comezar co tema da moción, Sr. Regades o Bloque Nacionalista Galego non abandona a esta cidade nin neste Pleno nin cando

governa, mire quen abandona esta cidade é unha formación política que ten nestes momentos as competencias para gobernar, asina un pacto co Partido Popular e o único que lle pide a cambio de aprobarlle os Orzamentos son non sei que cousas que aínda non vimos, non lle reclama á Xunta de Galicia que atenda ás necesidades da xente menos favorecida e que atenda ás necesidades dos sectores públicos como acaba de relatar a súa compañeira, iso é abandonar a cidade única e exclusivamente por que lle aproben uns orzamentos. Eu non pactaría nunca uns orzamentos e o Bloque Nacionalista Galego tampouco, cunha forza política que estea facendo o que a súa compañeira acaba de enumerar co ensino público ou coa sanidade pública, eu nunca e o Bloque Nacionalista Galego tampouco pactaría con esa formación política. Polo tanto, a ver quen abandona a esta cidade e quen abandona as necesidades das viguesas/es simplemente a cambio de que lle aproben uns orzamentos.

Imos coa moción, señora Concelleira de Educación, moción coa que si estamos absolutamente de acordo, e polo tanto imos apoiar esta moción porque sen dúbida nós si que temos moi claro e o Bloque Nacionalista Galego ten moi claro, que unha das prioridades que debería ter calquera goberno tería que ser o ensino público, é algo que efectivamente non está acontecer polo Partido Popular.

Vostede enumerou “menos cartos en”, pero esquecéuselle dicir en que hai máis cartos para Educación, voulo dicir eu, hai menos para arranxos, libros, profesores, para dotar aos nosos centros públicos de todo aquilo que precisan, pero hai máis cartos para subvencións a colexios que segregan por sexo ou a colexios que son directamente do Opus Dei, para aí si hai máis cartos, e hainos, compañeira, porque isto non é casualidade, isto que fai o Partido Popular cos sectores públicos non é algo porque agora estea de moda esa mal chamada austeridade, non, todo isto que fai o Partido Popular cos sectores públicos é absolutamente planificado dende o principio, o Partido Popular o que quere é deteriorar os servizos públicos, o Partido Popular quere que o ensino público se deteriore, quere que os nosos centros públicos se deteriores, queren que a calidade do ensino nos centros públicos se deteriore, por algo moi claro e concreto, para que o ensino privado sega facendo e faga negocio, sobre todo aquel ensino privado que atende e que educa á xente que goberna o Partido Popular, á xente de elite, á xente con máis capacidade económica e demais. Isto é absolutamente planificado, por iso mentres o Bloque

Nacionalista Galego que non abandona estas necesidades, nin abandona á cidade, mentres o Bloque Nacionalista Galego teña a representación que a cidadanía lle confire non deixaremos nunca de defender precisamente isto que vostede acaba de enumerar, de defender os sectores públicos, o noso ensino público e defender en definitiva a igualdade de oportunidades para todos/as.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sinceramente de novo como ocorreu coa outra moción que se presentou no último Pleno, dende a Concellería de Educación preséntase unha moción chea de inexactitudes, ambigüidades, tal como ocorreu, a liberdade ten hoxe un inimigo mortífero que é a ditadura da corrección política, todo o que din algúns políticos é previsible, e que vostede dixo hoxe era totalmente previsible, e viña moi preparado. Porque moi poucas veces os políticos nos atrevemos a dicir o que verdadeiramente pensan por medo a saírse do que os canons da corrección política ditan. Estamos na oposición, á estupidez, na oposición ao establecido, na oposición aos intentos do poder limitar a nosa liberdade e a liberdade de todos, e sobre todo na oposición en non dicirlles a verdade á cidadanía.

Cítolle unha frase dunha gran filósofa española “a verdade padece, pero non perece”, frase de dona Teresa de Jesús.

Sra. Alonso, o contido da súa moción é anacrónico e primario, e está cheo de incorreccións pero si de compostura política e de xesto político e dun xesto ademais cinematográfico, primeiro dato que vostede oculta: quince millóns de euros é o investimento da Consellería de Educación, só nos centros públicos en Vigo do Goberno do Sr. Feijóo, falo do Sr. Feijóo non do Sr. Touriño, debe contemporizar un pouco seus datos. Eu son profesor de historia co cal adiqueime a estudar sempre as fontes, que son as hemerotecas, os DOG, aburridos, os BOE, etc. o que me estraña é que unha profesional da ensinanza como vostede, veña a presentar ese panorama tan terrible e que eu como escapo da corrección política, de que vostede máis, eu máis, vostedes menos, nós menos, non me importa, a min impórtame un dato importante, quince millóns de euros investidos por parte do Goberno do Sr. Feijóo aquí na cidade de Vigo en centros públicos, non estou mentindo, non fallo a verdade, repito quince millóns.

O Partido Popular e o Sr. Feijóo, o Goberno de Galicia actual 2014-2015 tivo un monumental coraxe político para afrontar o delicado escenario da crise que todos

coñecemos, a pesares diso investíronse, repito, quince millóns de euros só na cidade de Vigo, fixéronse obras, xestionado directamente comedores, se fixeron obras en centros, o seu propio centro como directora, vostede saberao que investiron 197.000 euros. Isto está nos datos que hai por aquí, eu teño tódolos datos publicados, son públicos, eu xa pasei a época do Barrio Sésamo, “arriba, abaixo, cerca, lonxe”, pasei Heidi, pasei a traumática desaparición da mamá de Marco, xa somos adultos, lemos outras cousas, sabemos ler, as persoas do Partido Popular como din non meu pobo, somos estudados e lidos, non nos tomen o pelo e non nos traten como nenos, Sra. Alonso.

Aquí establécense moitas cousas, faise un delirante listado de “non” e esquécense por exemplo do alumnado de Alta Mar, dos terreos que o Alcalde prometeu e logo dixo que non, non me mire con esa cara tan cinematográfica, por certo, no bo sentido Sra. Alonso. Aquí prometéronse terreos pero lémbrolle, a Sra. Laura Sánchez Piñón, Conselleira de Educación, asinou coa FEGAMP un acordo en que tódalas competencias estaban transferidas aos concellos, ao ámbito local. Teño que ler eu isto? Eu vin a traballar ao Pleno. A parte dos comedores, reformas investimentos en comedores, edificios, reformas, etc. xa que vostede mencionou tantas cousas por exemplo lembro, que ademais no seu centro tamén hai, 46 coidadores en colexios públicos para alumnado con todo tipo de discapacidade.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Antes de nada e dígoo porque son a máis nova en tempo neste Pleno, quero dicir unha cousa, eu creo que aquí o importante non son os pactos, o importante é estar aquí para defender ós cidadáns de Vigo, e os pactos deste Goberno fanse para defender aos cidadáns de Vigo, non como outros que se fixeron antes.

Eu vou confesar que normalmente si que teño as cousas preparadas, primeiro porque as coñezo e segundo porque creo que aquí represento a alguén máis ca min, entón a área de Educación deste Concello de Vigo ten competencias específicas en conservación, reparación e vixilancia de 51 colexios públicos desta cidade, 51 colexios con 175.000 metros cadrados de superficie edificada que acollen a preto de 11.000 alumnos/as, do orzamento de Educación case a metade, preto de cinco millóns de euros anuais son para esta labor. Iso é o que inviste o Concello de Vigo, pero voulle dicir unha cousa Sr. Relova, Galicia ten transferida

educación dende o ano 1983 e lémbrolle que en todo ese tempo o Partido Popular gobernou en Galicia en 24, deses 31 anos, polo tanto, creo que algunha responsabilidade en educación si que teñen. Pero iso non quita que nos sigamos traballando e que non sigamos facendo cousas nese colexio.

A verdade é que son unha profesional da educación, non son historiadora e non me gusta sacar cousas anteriores porque creo que non fan falla, pero voulle lembrar o que si se está facendo agora, nós temos actuacións de preto de cinco millóns de euros aquí, en 51 colexios, temos neste momento obras de mellora e accesibilidade en centros educativos neste ano por importe de 300.000 euros, para traballos de eliminación de barreiras arquitectónicas, substitución de escaleiras por ramplas, temos un programa de autoxestión onde cada centro educativo recibe cartos para facer esas pequenas reformas que poden decidir eles mesmos, lémbrolle que no ano 2012 incrementouse ese programa nun 32%, pero temos a cobertura do 100% dos porteiros vixiantes, 49 neses centros, para cubrir eses servizos como parte fundamental desas tarefas de mantemento preventivo dos centros escolares.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.12.2014 (Rex. Nº 1025/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(230).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O REPINTADO DA ESTRADA PO-2005 (TANATORIO VIGOMEMORIAL ATA A UNIVERSIDADE DE VIGO). EXPTE. 1026/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de decembro de 2014, número 1026/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

**MOCIÓN:**

“No Concello de Vigo recíbense a diario queixas reiteradas do deficiente estado de mantemento da rede de estradas titularidade do Estado ou baixo competencias da Deputación de Pontevedra.

A estrada PO-2005 denominada Estrada das Plantas e titularidade da Deputación de Pontevedra, discorre polo municipio de Vigo desde a rotonda do Tanatorio Vigomemorial en Puxeiros ata a Universidade de Vigo, case 5 kms. Aproximadamente, ten unhas condicións de alta perigosidade polas persistentes malas condicións climáticas do lugar, sobre todo as densas néboas

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

**ACORDO**

- Instar á Deputación de Pontevedra acometer tarefas de repintado de xeito urxente en toda a estrada para evitar accidentes debido ao actual mal estado.”

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

**DEBATE.-**

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: É unha moción que traemos a este Pleno porque o vial que une a Universidade dende o Tanatorio Vigomemorial, un vial moi transitado, que ademais sofre unha das zonas de maior inclemencia con névoas moi a miúdo e que

temos que dicir que é competencia o seu arranxo da Deputación de Pontevedra, non imos falar de que teñen que facer un vial novo ou que teñen que unha obra nova, simplemente o que estamos a solicitar aquí é que atendan ás súas responsabilidades, e ás súas responsabilidades son o pintado e tamén atender o firme desta vial, aquí temos algunha foto que nos enviaron por certo os veciños/as da zona onde se ve claramente que o firme non é bo pero que ademais as liñas que delimitan a calzada e os beiravías, brillan pola súa ausencia, vial que é competencia o seu mantemento da Deputación de Pontevedra e que non está sendo atendido e que dúbida cabe que cando hai néboa, cando máis se necesitan esas liñas que delimitan a calzada e as beiravías, non se ve como nesta foto que nos fan chegar os veciños/as da zona. É un vial que utilizan moitos cidadáns e tamén moitos estudantes, fundamentalmente, e algúns de fora da nosa cidade, e de fora do noso país, polo tanto, tamén é unha imaxe que temos que coidar ademais do máis importante que é a súa seguridade.

Cartos hai para poder abordar este vial, eu teño que lembrar aquí que Vigo achega á Deputación de Pontevedra nada máis e nada menos que 50 millóns de euros anuais, repito, achega á Deputación de Pontevedra nada máis e nada menos que 50 millóns de euros anuais, pero eu quero tamén engadir que nos distintos orzamentos 2012, 2013 e no mesmo 2014, da Deputación onde teñen plans para arranxo de viais nos distintos concellos, Vigo sempre queda fora, non porque se gasten tódolos outros cartos nos outros concellos que son de menos habitantes. Pois non, non é así, é que ano tras ano deixan de executar unha parte importante do Orzamento, en concreto no 2012 non executaron o 50% deses investimentos, no 2013 deixaron de executar o 32% destes investimentos e no que vai do 2014, datos que temos de setembro, levaban só o 50%. Polo tanto, cartos quedan de abondo para poder atender este e outros viais, pero este en concreto dende logo é o que vimos a solicitar na nosa moción, que a estrada PO-2005, que todo o mundo coñecemos por estrada das plantas, que é de titularidade da Deputación de Pontevedra, pedimos no acordo da moción, instar á Deputación de Pontevedra a acometer estas obras de repintado e tamén de mellora do firme desta estrada.

SRA. VELOSO RÍOS: Unha intervención breve, para apoiar a solicitude de que a Deputación de Pontevedra cumpra coas súas obrigas, asuma as súas



responsabilidades e arranxe as estradas das que é titular na nosa cidade, nin máis nin menos. Simplemente nesta moción o que estamos pedindo á Deputación de Pontevedra é que cumpra coas súas obrigas, ten que manter as estradas de titularidade provincial que pasan pola nosa cidade tamén, que pasan polo noso Concello e nós por suposto imos apoiar sempre que a Deputación invista os cartos que ten que investir na cidade de Vigo, outra cousa é que evidentemente isto é unha competencia da Deputación de Pontevedra, como insistimos, entón poderá facelo ou non, sabemos que si hai recursos económicos para facelo, pero tamén sabemos que as partidas xenéricas de arranxo de estradas da Deputación de Pontevedra permiten que finalmente sexa unha decisión case particular do Presidente da Deputación, e que toma esas decisións con criterios que aínda a día de hoxe as persoas que representamos á cidadanía na Deputación Provincial non conseguimos coñecer exactamente porque son decisións que poderíamos cualificar quizais, cando menos, de arbitrarias ou polo menos con intereses ou con criterios detrás descoñecidos para a oposición.

Entón, nós esperamos que prime a seguridade, o interese por manter unha estrada coa importancia desta estrada polo tráfico que ten, polas dificultades no tránsito tamén das que se fala na moción e pola necesidade que hai de que se arranxe porque efectivamente está en moi mal estado.

Imos seguir vindo a este Pleno a debater este tipo de cuestións aínda que non sexan competencia do concello e aínda que calquera goberno de calquera administración teña competencia para executalas ou non, pero si imos apoiar esta demanda de arranxo desta estrada.

SR. FIGUEROA VILA: Eu creo que hai dous deputados que parece que non coñecen o Orzamento da Deputación e iso é o realmente grave, é dicir, o grave non é querer criticar por criticar, senón é ter descoñecemento de cal é o presuposto da Deputación de Pontevedra para o ano 2015, que por certo xa está aprobado dende hai un mes, e que o día dous de xaneiro entrará en vigor, quere dicir, que a Deputación cumpre coas normas establecidas e os tempos para aprobar os Orzamentos, e se os señores deputados quixeran ser honestos e honrados co que alí hai nese presuposto, pois saberán que para a cidade de Vigo este ano hai preto de seis millóns de euros, consignados dentro dos Orzamentos e ademais

nominativos, é dicir, que é algo tamén importante, 4.700.000 para o estadio de Balaídos e case dous millóns de euros para o campo federativo de Coia; ademais de todo o contido económico, social, cultural e deportivo que ten nos propios Orzamentos a Deputación de Pontevedra e tamén darlles un dato, porque vostedes sempre falan de emprego, aquí nós intentamos non facer ese debate, pero nos cinco últimos anos a Deputación de Pontevedra destinou 62 millóns de euros para emprego na provincia, dando emprego a máis de 8.000 persoas, ademais os datos como están aí, os pode comprobar calquera ao final é difícil contradicilos.

Polo tanto, seis millóns de euros para infraestruturas consignados, que se van aprobar a partires do dous de xaneiro, e por suposto tamén o apoio a todo o social, cultural e deportivo da nosa cidade, e a maiores pois 62 millóns de euros en plans de emprego nos últimos cinco anos, como así se demostrou no último Pleno da Corporación.

Por suposto que o mantemento desas beirarrúas e desas rúas hai que facelo, pois vaise facer, imos votarlle a favor da moción, pero a min gustaríame que contaran toda a verdade, non só unha parte da verdade. Polo tanto, a Deputación de Pontevedra está investindo en Vigo, está destinando cartos a Vigo, neste ano, neste Orzamento, quizais sexa o Orzamento máis alto de investimentos da historia da Deputación de Pontevedra na cidade de Vigo. Polo tanto, aí teñen os datos que se poden demostrar.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu creo que efectivamente hai que contar toda a verdade porque realmente cando aparece algunha cantidade nominativa nos orzamentos do 2015 para Vigo, pero nos anteriores aos que eu fixen referencia que quizais sería cos que habería que atender realmente este vial e outros eu téñoille que dicir Sr. Figueroa, que no 2012 que isto xa estaba deteriorado, no 2013 e no 2014 cuns orzamentos de 143 millóns de euros en 2012 e agora en 2014 de 146 millóns de euros onde tiñan para obras e para estes arranxos designadas partidas para tódolos concellos menos para o de Vigo, e que o curioso é por que se exclúe a Vigo? Se non son capaces de executalo aínda a pesares de que o Presidente da Deputación de Pontevedra reservase sempre un 20% deses cartos que teñen para estes investimentos, en 2012 reservouse 3,6 millóns, 2,8 millóns en 2013 e tres millóns en 2014, e segue polo mesmo camiño agora para o 2015; que lle custa

arranxar este vial? Eu agradécello que vaia a votar a favor, pero tamén como vicepresidente da Deputación que faga algo para que verdade se arranxe este e outros viais porque demostro que cartos hai, vostedes van cambiando de remanente dun ano para outro cantidades inxentes, nalgún ano 24 millóns de remanentes nun Orzamento de 143, sen executar.

Polo tanto, eu encantado que de apoiem isto e de que por primeira vez vaian aparecendo partidas nominativas para a nosa cidade, pero voulle lembrar algunha cuestión, en Emprego vostedes non aportaron nin un euro para Vigo, en emprego nada, sabe o que hai? Oito bolseiros porque se confundiron vostedes na convocatoria, nin un euro para emprego da Deputación de Pontevedra neste Concello, oito bolseiros/as porque equivocáronse na convocatoria e non lle quedou máis remedio que aceptar o de aquí, iso é demostrable.

Polo tanto, non falen de que invisten aquí porque non invisten, señores do Partido Popular, Sra. Deputada Marta Iglesias, non invisten un euro e non se preocupan de que se invista, iso é contar toda a verdade, que é dicir que os cartos para os plans de emprego son para tódolos concellos menos para Vigo, esa é a verdade, Sra. Iglesias, incluso os bolseiros é porque se confundiron e nós metemos a solicitude igual e non lle quedou máis remedio que dar marcha atrás.

Polo tanto, o que nos pedían os veciños/as da estrada das Plantas, asfáltena, píntena porque realmente é a súa responsabilidade, non esperemos a que pase ningún suceso grave para acometelo.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte:

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 15.12.2014 (Rex. Nº 1026/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(231).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de novembro e 18 de decembro de 2014.

##### **1.2(232).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de novembro e 18 de decembro de 2014.

##### **1.3(233).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DE DATA 10.12.14, REFERENTE Á Nº DE POSTOS DE TRABALLO DO CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL RESERVADOS AO PERSOAL EVENTUAL. EXPTE. 1019/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data 10 de decembro de 2014, o concelleiro delegado de Xestión Municipal ditou a seguinte Resolución,

"Segundo o último dato publicado polo Instituto Nacional de Estadística a poboación da Cidade de Vigo, a data de 1.01.2013, é de 296.479 habitantes.

De acordo co sinalado no artigo 104 bis. 1. f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), precepto introducido polo número vinteito do artigo primeiro da Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, " Os Concellos de Municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes poderán incluír nas seus cadros de persoal postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación local.

De conformidade co previsto no artigo 179. 1 la Lei Org. 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, o Concello de Vigo, en función da poboación citada, elixe, nas eleccións municipais, un total vinteseite (27) concelleiros, polo que no cadro de persoal o número de postos reservados a persoal eventual non pode exceder ese número.

A Xunta de Goberno Local, en sesións de data 17.06.2011; 8.07.2001 e 22.07.2011, o abeiro da súa atribución sinalada no artigo 127.1.h) da LBRL, acordou fixar en 16 o número de postos reservados no cadro de persoal municipal a persoal eventual sen que a data de hoxe foran modificados tales acordos.

O artigo 104 bis 5. da LBRL, advirte: "(...) As Corporacións locais publicarán semestralmente na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia ... o número dos postos de traballo reservados ao persoal eventual (...)"; pola a súa parte o apartado 6 do precepto sinala: "(...) O Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo (...)".

De conformidade coa lexislación citada, Resolvo:

PRIMEIRO: Informar o Pleno da presente Resolución."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

### **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

### **4.- MOCIÓNS.**

#### **4.1(234).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A RECUPERACIÓN DE FORMA INMEDIATA DA ORNAMENTACIÓN VEXETAL DA ROTONDA SITUADA NA AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 1020/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de decembro de 2014, número 1020/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

#### **MOCIÓN:**

“O pasado xoves 4 de decembro o Concello de Vigo comezou o desenvolvemento dunhas obras de remodelación da rotonda situada na Avenida de Castelao, coñecida como a rotonda de Coia, que estaba cuberta de céspede e contaba cunha importante masa arbórea que os operarios fixeron desaparecer en dous días. Esta rotonda e a súa ornamentación vexetal formaba parte do barrio dende hai moitos anos e constituía un valor cultural e natural moi importante.

Por todo o exposto o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

#### **ACORDO.**

– Instar ao goberno municipal a recuperar a ornamentación vexetal da rotonda situada na Avenida de Castelao de maneira inmediata.”

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

#### **DEBATE.-**

SRA. VELOSO RÍOS: Traemos esta moción a debate porque o pasado xoves 4 de

decembro o Concello de Vigo iniciou o desenvolvemento dunhas obras de remodelación da rotonda situada na Avenida de Castelao, coñecida como a rotonda de Coia, que estaba cuberta de céspede, que contaba cunha importante masa arbórea, e todo isto fíxose desaparecer en dous días por parte de operarios enviados polo concello.

Nós solicitamos que se recupere a ornamentación vexetal da rotonda situada na Avenida de Castelao de maneira inmediata e polo tanto, que se dea volta atrás nesta decisión tomada por parte do Goberno Municipal, logo de que no Pleno do mes de outubro se aprobara unha moción cos votos do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego instando ao Goberno a non colocar o barco Bernardo Alfageme na rotonda de Coia, esa moción foi debatida, aprobada neste Pleno democraticamente cos votos da maioría dos concelleiros/as e é competencia do goberno municipal executala ou non, pero é certo que xa foi debatida, aprobada e polo tanto non podemos volver traela a debater neste Pleno, pero si podemos solicitar do Goberno que recupere a ornamentación que existía na rotonda de Coia e iso é o que estamos a facer.

Temos que facelo así porque o certo é que neste Concello vivimos despois da aprobación desa moción un feito pouco habitual, se é certo que neste Pleno se desenvolven debates políticos, cada grupo político nos posicionamos sobre as cuestións que debatemos e tómanse decisións en base aos votos dos Partidos Políticos que aquí representamos á cidadanía neste Concello. Pero non só o goberno decidiu non prestar atención, non atender á demanda aquí expresada pola maioría dos concelleiros/as, senón que tomou a decisión practicamente inmediata, en poucos días, de facer exactamente o contrario do que se estaba pedindo dende a maioría de representación cidadá que estamos aquí neste Pleno.

E no canto de utilizar argumentos para defender a súa decisión, a súa actuación o único que fixo este goberno foi acusar de non saber o que é democracia, díxose que democracia é respectar as competencias, non, democracia non é respectar as competencias ou acaso de quen é competencia que desapareza o Partido Xudicial de Vigo, por exemplo? Do goberno, e non só se demandou dende este Concello que se mantivese o Partido Xudicial senón que se instou á cidadanía a manifestarse e colocouse unha lona neste Concello dicindo que conseguíramos dende este Concello que non se eliminase o Partido Xudicial. De quen é competencia modificar

a Lei do aborto? E saímos a rúa e demandamos tamén neste Pleno que non se modificase a Lei do aborto e nos felicitamos de que un goberno en maioría, que está gobernando en maioría, tomase a decisión de dar marcha atrás cunha decisión semellante. E neste caso temos aquí un goberno en minoría que ten a obriga democrática de atender ás demandas dos representantes da cidadanía no Pleno deste Concello. Ademais ten tamén a obriga de escoitar ás demandas da cidadanía e no canto de falar coa cidadanía, de dialogar, de escoitar e argumentar o único que fai é descualificar, insultar, desprezar, todo o que sexa minoritario agora para o Partido Socialista que pacta co Partido Popular xa non é minoritario, é marxinal, é desprezable.

Esa é situación que estamos vivindo neste Concello, estamos vivindo a resposta da soberbia, da prepotencia e do autoritarismo e non con argumentos senón con mentiras, neste caso estase faltando ó respecto ao Pleno Municipal co nocturnidade, aleivosía e chulería para executar unha ocorrencia con moi pouco sentido, como a de colocar un barco de 30 metros de eslora, que é un ben cultural desta cidade, nun cruce, iso é o que se vai facer. Vaise colocar un barco que debería ser unha alfaia, que é propiedade municipal, que debería poder ser gozada por toda a cidadanía, vaise colocar nun cruce. É unha ocorrencia, pero hai na rúa moitas persoas que están pedindo que os cartos deste concello se utilicen para axudar a poder comer tódolos días, a poder pagar as súas casas, as súas facturas, e iso é o que queremos pedir hoxe.

#### *INTERRUPCIÓN DA SESIÓN:*

*Neste intre e debido aos berros dalgunhas persoas presentes no salón de Plenos a Presidencia solicita silencio, continuando os berros. A sesión, ao non poder facer uso da palabra a concelleira intervín-te, interrompeuse durante sete minutos e quince segundos.*

PRESIDENCIA: Quenda de grupos, grupo Popular non hai intervención? E unha emenda contra o Goberno ten que responder o Goberno despois dos grupos, é unha decisión do Goberno. Grupo Popular súa quenda.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Alcalde, non ten que intervir primeiro o Partido



Socialista e logo o Partido Popular?

PRESIDENCIA: É unha emenda que ten que responder o Goberno.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Onde está a emenda?

PRESIDENCIA: É unha proposta ao Goberno que ten que responder. Como lle vai responder ao Goberno ó Grupo Popular senón coñece o que di?

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Pero é que nunca foi así, Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: Grupo Popular súa quenda. Grupo Popular non intervén?

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Alcalde estou intervindo e estoulle dicindo que isto nunca foi así. Que o clarexe o secretario se é legal modificar ou alterar.

PRESIDENCIA: Grupo Popular súa quenda.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Sr. Alcalde estoulle pedindo que clarexe.

PRESIDENCIA: Faga o favor de gardar silencio. Esta é unha moción que ten que contestar o Goberno.

Sra. Veloso non ten a palabra, a súa quenda xa rematou. Ten que falar o Grupo Popular, despois o Goberno e remata vostede, Sra. Veloso. Quenda do Grupo Popular.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Podería clarexar o secretario se esta situación, esta alteración e esta modificación é legal.

PRESIDENCIA: Quenda do Grupo Popular. Fai uso da palabra?.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Perdón Sr. Alcalde teño o micrófono aberto, déixeme falar.

PRESIDENCIA: Non, non ten a palabra. Vai vostede intervir? Tres minutos.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Estame dando a palabra ou non ma está dando?

PRESIDENCIA: Cinco minutos, ten a palabra.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Iniciamos a intervención porque somos educados, non porque manipulamos as normas do xogo.

Mire vostede Sr. Alcalde, todo un cúmulo de despropósitos e de decisións contra natura, cando toda a cidade coñeceu que o barco Bernardo Alfageme era un referente do patrimonio marítimo de século pasado e que a súa exposición ao público debería atopar acomodo nun espacio adicado a tal fin como é o Museo do Mar de Galicia de Alcabre, resulta que o capricho de vostede en contra dunha decisión plenaria, decide que o mellor é destruír o axardinamento da rotonda de Coia da cidade para que o barco sexa depositado nese lugar despois de reconstruír a rotonda, executar traballos para sentar o barco e iluminar a súa exposición. Traballos paralizados polos veciños e non precisamente polo mando do Alcalde que impide obras en zonas céntricas e comerciais para non prexudicar a mobilidade de vehículos e persoas nesta época do Nadal. Ata para isto, e para o Alcalde, Coia é distinta ao resto das zonas de Vigo, e en Coia viven e residen persoas vigueses/as de distintas opinións e pareceres que o Alcalde debe respectar e non desprezicar, igual que nunca se queixa cando os seus palmeiros acoden ás sesións plenarias a rir as súas gracias, ten que asumir agora a crítica dos veciños que non comparten as súas decisións.

O desolador de todo isto é que ao final deste último periplo ou penúltimo periplo do Bernardo Alfageme, quedará tan só o recordo do conflito e cando pasemos ou paseemos por ese lugar, as exclamacións serán de tipo de “o barco de Chanquete”, “o Titanic de Caballero”, sen que ninguén faga referencia a un casco que foi referente do pasado da pesca dos nosos océanos e considerado un legado mariño. A incoherencia de non cedelo ao Museo do Mar, como foi capricho nos últimos anos do Alcalde de non ceder só para que Vigo tivese unha Cidade da Xustiza e os servizos necesarios para a construción do novo hospital público Álvaro Cunqueiro e

outras infraestruturas, consegue o efecto, a repulsa e o rexeitamento que se mostra publicamente e caladamente por quen consideran e opinan que situación elixida polo Sr. Caballero para este barco é unha insensatez que priva ás xeracións vindeiras de coñecer nun entorno acorde ás condicións nos que os seus antepasados pescaban nos mares, a non ser que o Alcalde teña previsto visitas guiadas de escolares á rotonda a través dunha ponte elevadora, dende algunha das beirarrúas do lugar.

As presas electorais son malas conselleiras, as decisións caprichosas en contra das persoas provocan reaccións de repulsa que trae grave consecuencias, e actuar e executar sen argumentos sólidos e sen o consenso necesario non deixa en bo lugar ás persoas que adoptan estas decisións.

Isto non é cultura na rúa, isto é unha acción vulgar e sen ningún sentido que perde todo o valor que no seu día lle deu o propietario, o do barco, don Fernando Romero López, cando decidiu doalo á cidade de Vigo, el quería e cría que a función do barco fose didáctica e isto perderase no medio da rotonda.

Un Goberno do Partido Socialista rexeitou investir na súa restauración, co Sr. Caballero Alcalde no ano 2000, o barco afundiuse, co Sr. Caballero Alcalde, e co mesmo Alcalde gobernando na cidade colócao á deriva en medio dos coches e contra a vontade de moitos veciños.

Dito isto, manifestar que apoiamos a moción que se presenta hoxe ao Pleno para que se volva a reaxardinar ese entorno, pero o Partido Popular quere dicir algo máis, Sr. Alcalde, o Partido Popular non está detrás da pancarta, o Partido Popular estivo sempre diante da pancarta, o 18 de xullo o Partido Popular deu unha rolda de prensa dicindo que considerabamos pouco idóneo a situación do Bernardo Alfageme na rotonda, o 9 de outubro dicíamos que o Partido Popular cualifica de despropósito e dilapidación a situación do Bernardo Alfageme na rotonda, o 14 de outubro o Partido Popular propón que se negocie coa Consellería de Cultura a situación do Bernardo Alfageme no Museo do Mar, pero dito isto o seu problema non é nin a rotonda nin o barco, seu problema é a xestión e o investimento que en oito anos fixo en Coia, o seu investimento baseouse en cambiar os farois na mediana, esa é a súa xestión en oito anos, e agora quérenlle poñer un barco no medio da rotonda, seguro que os veciños que Coia preferirían que vostede executase o seu Plan Xeral e tivesen o dobre vial que hai previsto debaixo desa

rotonda, esa é a realidade.

O Partido Popular pode deixar moi claro porque así executouno no seu día, os proxectos do aparcadoiro subterráneo e do Palacio Lago.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Escoitamos ao Bloque Nacionalista Galego, escoitamos ao Partido Popular co cal eu estou convencido que tamén imos escoitar ao Goberno da cidade na exposición de motivos. Señores do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, levan moitos anos nun pacto perpetuo e hoxe volven facer un pacto en contra da cidade, cando o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego dicían que as presas electoralistas fan que na cidade pasen cousas, é certo, as presas electoralistas fan que un grupo de militantes moi reducido queiran parar nun barrio como é o de Coia unha instalación como a que está facendo este Goberno.

Democracia, é a que exerce este concello, vemos quen están, os militantes da CIG, do Bloque Nacionalista Galego que non lles chega con rebentar as actuacións que tamén queren rebentar este Pleno. A Democracia é importante, rexe a súa soberanía neste Pleno e débese escoitar os argumentos de todos.

Nos últimos dez anos, escoitamos á cidade de Vigo, vimos como máis de 628.000 euros se investiron no barco Alfageme, a maioría deles nos gobernos do Partido Popular, máis de 60.000 euros ao ano que se gasta no Bernardo Alfageme, e vemos como agora o que estamos propoñendo este goberno é unha actuación des escasos 100.000 euros que levan este barco a unha rotonda, como recoñecementos as mulleres e homes do mar. Eu tamén estou convencido, o outro día escoitabamos polas rúas da cidade a megafonías da CIG anunciando unha manifestación que conseguiu convocar a uns escasos vinte, con cartos cos traballadores/as, como se poden destinar a convocar manifestacións? Eu tamén estou convencido que os recursos dende este concello se destinan á CIG, destinaranse seguramente a comedores sociais e non a gastos do sindicato, imaxínome que será así, porque se temos que poñer tódolos gastos destinados a asuntos sociais, imaxínome que os primeiros serán os dese candidato do Bloque Nacionalista Galego, dese candidato que é o secretario xeral da CIG, destinará tódalas axudas que destina o Concello de Vigo destinaas tamén a políticas sociais.

O programa de benestar do concello de Vigo supera os 22 millóns de euros, o

Partido Socialista no goberno de Vigo destina a Benestar Social máis de 22 millóns de euros, un programa de benestar social cun incremento do 22,52%, un incremento moi superior ao que tiñamos cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego nesta cidade, e dende aquí tamén reto ao Bloque Nacionalista Galego que goberna en Pontevedra ou a outros partidos que non teñen representación neste Concello como pode ser Esquerda Unida que goberna en cidades de Madrid, que comparen o seu Orzamento co de Vigo, co Orzamento Social do Concello de Vigo, que aumentou en plena crise un 22,52% en políticas sociais, aumentou as dotacións de becas a comedores en 200.000 euros, fixo unha situación fronte a crise de dous millóns de euros, para alimentación, alugueres, hipotecas, pobreza enerxética, son políticas que se fan dende o Concello de Vigo, mentres no resto dos concellos de España péchanse instalacións sociais, en Vigo abrímolos, o Centro de Inclusión, o Albergue abriuse por este Goberno, a única Casa de Acollda a Mulleres Maltratadas que hai en Galicia está en Vigo, só en novembro e decembro entregamos 500.000 euros en axudas de aluguer para que a xente teña unha vida digna e un fogar digno, axudas de emerxencia 583.000 euros neste dous meses, para atender situacións de excepcionalidade. Leccións en Benestar Social a este Goberno, a este Partido Socialista ningunha, entregamos máis de 66.000 axudas, mantéñense as axudas aos discapacitados, séguense fronte ao servizo de teleasistencia que abandonou o Partido Popular, a Deputación de Pontevedra, abrimos un albergue, un Centro de Inclusión que lle custa ao Orzamento municipal 700.000 euros, a variación do gasto en políticas de Benestar Social dende 2008 ao 2014 pasa de 5,6 millóns a 11,5 millóns, máis dun 105,4% e estamos satisfeitos do que estamos a facer, e como dixo o Alcalde: sempre seguiremos con estas políticas de Benestar Social.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade é que pouco teño que contestar ao que dixo o concelleiro do Partido Socialista porque non falou da rotonda de Coia, así que como nós trouxemos unha moción para falar da rotonda de Coia, insistimos, non escoitamos argumentos, máis que mentiras, máis que insultos, despezos a todos aqueles que non aplauden as súas decisións, vostedes desprezan ás persoas que manifestan publicamente a oposición ás decisións deste Goberno. Iso é o único que están a facer con esta cuestión, a primeira ocasión que o Bloque Nacionalista

Galego preguntou pola situación do Bernardo Alfageme neste Pleno, o Alcalde non contestou, pasou a non executar unha moción aprobada por maioría neste Pleno, logo pasou xa case inmediatamente a facer o contrario do que demandaba a maioría dos representantes da cidadanía neste Pleno, e logo pasou xa ao insulto, ó intento de ofensa porque non ofende quen quere senón quen pode, ó desprezo e a mentira, e vostede insiste en buscar culpables cando hai protestas fronte as súas decisións, neste caso o Bloque Nacionalista Galego é o culpable do que está a pasar en Coia, é o culpable dos atascos nesta cidade, e cando se decate vostede de que matamos a Kennedy non sei que vai facer con nós. Pero a realidade é que aquí estamos a debater unha demanda da cidadanía trasladada a este Pleno polos representantes da cidadanía, democraticamente elixidos, e vostedes están reaccionando cun autoritarismo e cunha desvergoña impropia do cargo de Alcalde ou Tenente Alcalde dunha cidade como Vigo, que ten que atender prioritariamente a situación dunha cidade na que hai máis de 30.000 persoas desempregadas, e xa non pode seguir utilizando como resposta que arranxe as rúas porque son medidas “keynesianas”. Ten que atender á xente que está a pedir apoio para levar a súa vida cada día, poder comer cada día e sobre todo respectar as regras de funcionamento democrático e non cambialas “Ad hoc” segundo a súa conveniencia.

PRESIDENCIA: Nesta cidade a política social adícanse, e quero que toda España o saiba, 22 millóns de euros, non 100.000 euros. Nesta cidade e quero que toda España o saiba, este Goberno está a pagar alugueres de 1.000 familias que non son desafiuzadas porque paga o aluguer da súa vivenda este Concello. Este Concello está a pagar 800 facturas de electricidade para evitar que 800.000 familias queden sen luz, este Concello está a pagar 600.000 euros en alimentación con tarxetas de dignidade para que a xente non pase fame, este Concello ten aberto un albergue para persoas sen teito de 700.000 euros para que ninguén durma na rúa en Vigo, e ninguén dorme na rúa nesta cidade, lle gusta á CIG, a Esquerda Unida, ao Bloque Nacionalista Galego ou non, ninguén. Todo o mundo é atendido en Vigo, millóns de euros adicados a política social, sabe que lles vai pasar señores do Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida? Que non van quitar ningún concelleiro, porque esta cidade vaivos dicir que non vos quere no Concello, porque están vostedes mentindo, calumniando, falseando a realidade. Esta cidade está de

acordo masivamente co que estamos a facer, e vaino dicir o 24 de maio, o 24 de maio esta cidade vai falar democraticamente, non van falar os 10 da CIG, rebentadores profesionais dun sindicato que están aquí. Vai falar esta cidade en maio, vai falar con voz clara e vaille dicir aos señores do Bloque Nacionalista Galego que non traian rebentadores aos Plenos porque os van botar de aquí, e vai dicirlle á Esquerda Unida que revise o que fai noutros sitios porque os van botar do concello, non os van apoiar, rebenten a cidade neste Pleno, fagan o queiran. Traer a rebentadores profesionais ao Pleno é que o fan neste momento o Bloque Nacionalista Galego, Esquerda Unida e a CIG, rebentadores profesionais. Pero hai máis política social aquí, neste Concello, que en ningún concello nin do Bloque Nacionalista Galego nin de Esquerda Unida de España. Sabe o que lles pasa? Páselles que como lles doe iso non queren que fagamos políticas sociais e veñen aquí a rebentar un Pleno, pois non nos van parar.

Seguiremos facendo política social como ninguén e aquí neste Pleno para que todo o mundo o escoite hai doce que están a rebentar o Pleno, doce, dunha cidade de 300.000 habitantes, aquí hai doce rebentadores profesionais dun sindicato nacionalista que se chama CIG, traídos polo Bloque Nacionalista Galego. Rematado do debate procedemos á votación.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e once votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.12.2014 (Rex. Nº 1020/1101), pola

voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(235).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A DAR COMEZO DE FORMA INMEDIATA O PROCEDIMENTO PARA A ELECCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VIGO. EXPTE. 1021/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de decembro de 2014, número 1021/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte,

**MOCIÓN:**

“O grupo municipal do PP de Vigo ven recibindo queixas da asociación de voluntarios de Protección Civil de Vigo de diferente índole. A que mais nos sorprende e que dende o 13 de decembro de 2013 data na que se nomeou unha xunta xestora por parte dos responsables municipais de protección civil, non se lle dera tramite ou comezo do procedemento electoral de elección da Xunta directiva da Asociación de Voluntarios de Protección Civil do noso concello. Nos estatutos de constitución da asociación específica que no menor tempo posible dende a constitución da xestora se dará comezo o procedemento electoral e neste caso xa fai mais de un ano.

Por todo elo propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Instar ao goberno municipal a dar comezo de forma inmediata, non superando o mes de xaneiro de 2015, o procedemento para a elección da Xunta directiva da Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Vigo”

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

**INTERRUPCIÓN DA SESIÓN:**

*Neste intre e debido aos berros dalgunhas persoas presentes no salón de Plenos a*



*Presidencia solicita silencio, continuando os berros. A sesión, ao non poder facer uso da palabra o concelleiro intervínte, interrompeuse durante tres minutos.*

PRESIDENCIA: Continuamos o Pleno.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que en momentos como este é vergoñento ser concelleiro e representante de moitos cidadás de Vigo, porque si é verdade que aquí se vota o que obxectivamente se cre que é o ideal, e pode haber diferencias de opinións o que se é verdade é que hai que manter un respecto institucional durante unha institución como é este Pleno.

Simplemente, unha moción que ten todo o sentido no que en democracia se refire, que é que a agrupación de voluntarios está actualmente gobernada por unha xunta xestora, a cal leva un ano no poder cando nos estatutos dise que deben convocarse eleccións o antes posible, nun país democrático, creo que estarán de acordo comigo, en que un ano para exercer un dereito fundamental como é o de elixir aos nosos representantes é máis que suficiente, incluso diría que é excesivo, pero dende o grupo municipal pensamos que a pesares do enorme esforzo que fan os nosos voluntarios e profesionais de Protección Civil o que nós celebramos e agradecemos polo seu gran esforzo e traballo, a falla de apoio e xestión do Alcalde e do seu concelleiro de área, respecto a Protección Civil na cidade, fai que esta organización tanto o voluntariado como os profesionais, teñan deficiencias substanciais que poidan implicar riscos e accidentes como nalgún momento vimos. Temos falla de mantemento nas embarcacións que fan e fixeron nalgunha ocasión que algunha se quede á deriva en praias co risco que leva consigo para as persoas que van nestas, algúns voluntarios. Temos algún caso, menores no servizo de Protección Civil que van en contra da lei, temos socorristas que non teñen a titulación adecuada de socorrista acuático cando van en embarcacións, fixéronse mil promesas sobre a renovación e dotacións de vehículos dado que as condicións dos mesmos e que na actualidade estanse usando fanos inseguros debido á antigüidade e a falla de mantemento. O persoal que conduce algún dos vehículos nalgún dos servizos non ten o permiso adecuado para conducirlos, o persoal laboral que temos na agrupación para tarefas de mantemento adícase a realizar tarefas administrativas e burocráticas, a falla de formación dos nosos voluntarios é patente

en moitos servizos porque non a teñen, a falla de distribución homoxénea dos voluntarios nos servizos tamén é unha realidade que se ven dando nos últimos meses, por que se chega a esta situación? Porque basicamente nin o Alcalde nin o seu concelleiro de área entenden as necesidades nin a importancia das labores dun servizo de Protección Civil adecuado.

Dende o Grupo Popular e despois de escoitar as demandas dos técnicos e voluntarios de Protección Civil propoñemos que se realice un plan formativo, tanto de formación continua como de nova incorporación, para os voluntarios e técnicos e profesionais de Protección Civil. Facer unha renovación e plan de mantemento tanto de embarcacións, vehículos e ferramentas. Establecer unha dotación máis ampla de uniformidade e EPIS, facer unha ampliación de contratación de persoal profesional e formado de Protección Civil que acompañen e se responsabilicen dos voluntarios do material e das intervencións. Persoal que tamén ten que facer actualizacións e implantación do Plan de Autoprotección e do Plan de Emerxencia da nosa cidade que xa noutro Pleno se fixo alusión a isto e pediuse a actualización dese Plan, tamén quero dicir que non ten que ver co Plan de Prevención de Riscos do edificio administrativo de persoal deste Concello; e persoal que obviamente ten que facer labores de formación e información tanto a autónomos como a empresas de cales son as súas labores na autoprotección da cidade.

Por iso, pensamos que un servizo de Protección Civil cunha dotación adecuada indubidablemente cunha partida orzamentaria maior dos 176.000 euros que ten ao ano, faría unha gran labor na cidade e evitaríamos riscos.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego eramos tamén coñecedores da situación na que está agora mesmo a Asociación de Voluntarios de Protección Civil e tamén apoiamos a demanda para que se convoquen as eleccións para escoller a nova xunta directiva da asociación.

Polo tanto, imos apoiar tamén esta moción, imos votar co Partido Popular porque se nos está demandando un apoio dende o Pleno deste Concello para que se desenvolvan unhas eleccións e a nós parécenos que é unha cuestión de respecto democrático e por iso imos votar a favor desta moción, igual que é unha cuestión de respecto democrático asistir a estes Plenos, debater nestes Plenos, posicionarnos, porque dende logo se fose por este Goberno e o seu Alcalde non

merecerían que estivésemos aquí. Non merecerían que os concelleiros e a concelleira do Bloque Nacionalista Galego estivésemos aquí, estamos aquí por respecto á cidadanía que nos escolleu democraticamente e porque queremos trasladar o posicionamento do noso grupo con respecto as cuestións políticas que aquí se debaten, pero por outra cuestión non se merecería. En ocasións votaremos co Partido Popular, igual que en moitas outras ocasións votamos co Partido Socialista en moitas outras demandas neste mesmo Pleno e non parece que lles moleste demasiado, pero é que é así a democracia, estas cousas pasan. Non fan falla doce persoas que veñan a un Pleno a rebentalo, con once xa chega, xa están rebentando democraticamente este Pleno e dende esta lado das bancadas.

PRESIDENCIA: Quen os descualificou e dixo que non merecía a pena que estean vostedes aquí, foi o seu propio partido, que lles dixo a vostedes tres que non van seguir. Vostedes están descualificados democraticamente polo seu propio partido, non hai máis nada que dicir, foi o seu propio partido quen lles dixo a volos tres que non van seguir aquí porque non o merecen, dicindo que ían cambiar todo porque parece que o que vostedes fixeron non vale.

SRA. VELOSO RÍOS: Sr. Alcalde, está superando os límites do debate político.

PRESIDENCIA: Cando se lle contesta non hai democracia.

SRA. VELOSO RÍOS: Cando está vostede entrando en falsidades persoais, está superando os límites do debate político, Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: Vostedes foron desautorizados polo seu propio partido, non os deixan repetir.

SRA. VELOSO RÍOS: Nin vale a pena contestarlle Sr. Alcalde, parece mentira que se rebaxe a utilizar argumentos, entre comiñas, como eses. Vostede non é digno de ser Alcalde desta cidade, non é digno de ser Alcalde desta cidade.

PRESIDENCIA: Democraticamente desautorizados polo seu propio partido que lles

dixo que non seguen. Quenda de grupos.

SR. LÓPEZ FONT: Estimado Alcalde, vostede é digno de ser Alcalde desta cidade, para moitos cidadáns vostede é o mellor Alcalde que tivo esta cidade, e iso é o que din na rúa, e dificilmente cando se fala de respecto, de pacto, de debate político, de determinados límites políticos, algúns teríanse que calar, porque os que non censuran permanentemente que se veña a rebentar este Pleno en formacións políticas e sindicais afíns como as súas, son vostedes culpables de que se rebenten os Plenos aquí. Como nos falan de respecto se non foron capaces de criticar o que rebentadores profesionais de plenos veñan aquí a non deixar falar ao goberno da cidade? Pero como é posible falar de pactos cando o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego recoñecido polo voceiro do Partido Popular levan un pacto permanente, escuro e non escrito de once anos. Decembro de 2003, Sra. Veloso, cando se permitiu que houbera unha Alcaldesa do Partido Popular co voto de vostedes, pero como falamos de pactos? De que pactos falamos e de que respecto? De que límite político no debate estamos a falar cando vostede non condenan actitudes que van en contra da soberanía deste Pleno e do respecto que todo concelleiro debemos ter? De que falamos? O primeiro que hai que facer e poñerse non a predicar senón a ser un respectuoso, a exercer e pedirlle a aqueles que os apoian, porque se é certo, as cousas hai que dicilas polo seu nome, a vostedes gústalles moito dicir as cousas polo seu nome, os que viñeron aquí viñeron a rebentar o Pleno, non respectan a democracia e debate político neste Pleno e iso é o que hai que censurar.

Polo tanto, Alcalde siga vostede así porque é digno desta cidade e porque eu voume repetir por moitas risas que provoque, Sr. Bernárdez, pero vostede o ve como eu, que os cidadáns desta cidade apoian a xestión do Alcalde, consideran que é o mellor Alcalde que tivo esta cidade, e o increíble de todo é o que lle oín a vostede de que parece que non se investiu absolutamente nada en Coia, claro que os cidadáns de Coia apoian ao Alcalde de Vigo. Hai unha maioría nesta cidade por moita que lles doa, que queren que se coloque o barco, porque é un símbolo e iso vostedes tamén sábeno e deberían respectar a democracia.

Sr. Araújo, a Asociación de Voluntarios de Protección Civil fixo 4.700 servizos este ano, afrontou tódalas situacións de risco, de circulación, de fenómenos

meteorolóxicos, de espectáculos públicos, de reunións e de manifestacións, eu non sei como se lle ocorre a vostede dicir inicialmente que apoia aos voluntarios cando ao final o único que saca é unha cascada de acusacións contra estes voluntarios e críticas.

Especial mención merece o servizo do mar durante todo o verán, o que é evidente é que eu non sei de verdade, non sei en que cidade están vostedes? Porque normalmente hai como mínimo dúas reunións de voluntarios ao ano co Alcalde e todo son parabéns, eu non escoito ningunha crítica. Reúnense permanentemente con el e dinlle o ben que o están facendo, nesta dicotomía vostedes non se decantan de quen apoia ao Alcalde e de quen si o apoian.

Polo tanto, eu pódolle ler a cantidade de felicitacións que tivo a Asociación de Voluntarios de Protección Civil polas actuacións nesta cidade e vostedes converten nun problema político o que haxa ou non directiva. Nós respectamos escrupulosamente o regulamente pero durante este ano o que fixemos dende Protección Civil é cubrir as dimisións que se fixeron e a moi boa actuación de 4.700 persoas. Imos votar que si porque o peor de todo é que vostede xa sabía que o íamos facer, e ben cunha moción ao Pleno.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Sendo breve, Sr. Font, a verdade é que eu na miña moción en ningún momento fun en contra dos voluntarios, todo o contrario, levo traballando con eles bastantes anos, creo que a súa labor é encomiable, sobre todo polos medios que ten, vou en contra da xestión que fai vostede e o Alcalde.

Sr. Font, os voluntarios lévanseme queixando moito tempo do risco que leva consigo ter unhas embarcacións sen mantemento que os deixan tirados cun risco para as súas vidas, nas praias, Sr. Font os vehículos teñen máis de 20 anos, e o mantemento defectuoso, fanse renovacións nalgún tipo de servizos desta cidade pero nos voluntarios non. O orzamento que ten o Voluntariado desta cidade é ridículo, 176.000 euros, cando ten dúas persoas técnicas contratadas e onde habería contratar bastantes máis, están facendo labores de profesionais Sr. Font, os voluntarios, cando é unha labor de profesional e temos 31.000 parados nesta cidade, Sr. Font.

Sr. Font, este non é un problema político, é un problema democrático que o único que eu vin facer aquí, lembrarlle que unha Xunta Xestora que leva un ano non é

normal nin é legal, hai que nomear a persoal elixido como ten que ser na democracia, pero vostedes non entenden diso, claro que se reúnen os voluntarios de Protección Civil, a Xestora co Alcalde que a nomeou el, o responsable do departamento da súa Área. Sr. Font, a Xunta Xestora non é tódolos voluntarios. O único que quero é que os voluntarios e a Protección Civil desta cidade funcione e funcione de verdade, porque vostedes o único que fan é maquillar as cousas, colgarse medallas, é verdade que os voluntarios fan un esforzo tremendo nas 4.700 intervencións que fan ao ano, quizais máis porque os datos nin os ten actualizados, pero en moitos momento poñéndose en risco e poñendo en risco a vida doutras persoas.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte:

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.12.2014 (Rex. Nº 1021/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(236).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO AO PLENO NOMEAR UNHA RÚA DA CIDADE CO NOME DE JULIO VERNE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1022/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de decembro de 2014, número 1022/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Vigo recibe anualmente milleiros de visitantes que veñen coñecer a nosa nosa cidade, gozan dela, e na maioría dos casos, convértense posteriormente en

divulgadores dos atributos que Vigo ofrece tanto a nivel persoal coma turístico.

Un deses visitantes que pasaron por Vigo, foi un dos máis recoñecidos autores da historia, o escritor francés Julio Verne. El mesmo relata en escritos persoais as bondades de Vigo, e o ben que foi recibido pola sociedade viguesa. Mesmo un dos capítulos da súa obra “Veinte mil leguas de viaje submarino” leva o título “La Bahía de Vigo”, feito que non é aproveitado e divulgado todo o que se podería por parte deste concello.

Outras cidades que teñen relación con Julio Verne si fan unha promoción deste feito, véndose claramente beneficiadas, non soamente a nivel económico, senón tamén a nivel social.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

1. Nomear unha rúa da cidade co nome de Julio Verne.
2. Creación dunha exposición aberta sobre a obra de Julio Verne e o seu paso por Vigo, organizando visitas para centros educativos e colectivos xuvenís da cidade.
3. Incluír referencias á relación de Julio Verne con Vigo nas accións de promoción turística da cidade.
4. Realizar as xestións necesarias para recibir e albergar o “Congreso Internacional Verniano” na nosa cidade nalgunha das súas próximas edicións.”

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. PÉREZ DÁVILA: “Pois Sr. Aronnax estamos na Bahía de Vigo e só de vostede depende descubrir os seus misterios, mirei ao redor do Nautilus nun radio de media milla as augas parecían impregnadas dunha luz eléctrica. O fondo areoso víase nítido e claro. Dous membros da tripulación vestidos con escafandros afanábanse revisando os toneis medio podres en caixas desvencelladas entre os despojos. Das caixas e barrís escapaban lingotes de ouro e prata, cascadas de moedas e lingotes de ouro e xoias que se esparexían polo chan. Logo cargados do valioso botín regresaban ao Nautilus, depositaban nel o seu cargamento e volvían para continuar aquela pesca de prata e ouro, entón comprendino, aquel era o

escenario da batalla do 22 de outubro de 1702, A Batalla de Rande, alí mesmo se afundiran os galeóns encargados de axudar ao goberno español. Alí acudía o Capitán Nemo para obter, segundo as súas necesidades, os millóns que colmaban o Nautilus, para el e só para el América entregara os seus metais preciosos". Este é un fragmento do capítulo "La Bahía de Vigo", da obra "Veinte mil leguas de viaje submarino" do escritor Julio Verne, nel o autor dunha das obras máis celebres da literatura universal explica como chegou ata a Ría de Vigo navegando dende o Mediterráneo coa súa mítica nave, o Nautilus. Relata os acontecementos que levaron aquí, en outubro de 1702, as augas da nosa ría foran testemuña dun acontecemento histórico, A Batalla de Rande, e conta como aquí, na nosa terra, onde agora se atopa unha gran ponte que nos achega a outros pobos, a tripulación do Nautilus recollía os tesouros dos galeóns afundidos para financiar expedicións por tódolos mares do planeta.

Vigo, a súa historia e mesmo os tesouros de Rande deixaron de ser entón patrimonio exclusivo dos vigueses para ser patrimonio universal e percorrer un sen fin de millas náuticas ao bordo do Nautilus e seguiran a percorrer durante toda a eternidade o planeta enteiro, unha e outra vez, a través de miles de horas de lectura gracias a esta gran fazaña. Verne non só quixo poñer a Vigo no mapa coa súa novela, algo que xa é tremendamente importante, senón que foi máis alá.

O certo é que podemos dicir enchéndonos de orgullo que Julio Verne namorouse da nosa cidade, que este home nacido en Nantes foi un vigués máis da época. Os expertos descríbennos como un profeta, un visionario do seu tempo que falaba en 1870 de cousas tan modernas como a iluminación eléctrica das cidades, internet, os correos electrónicos ou a chegada do home a lúa. O caso é que xa no século XIX Verne foi un vigués como os de moitos de hoxe en día, de finais de 2014, nacidos fora da nosa cidade, en Nantes, Ourense, Lugo, Ponteareas, Mos, Madrid. Verne unha vez máis tamén no viguismo foi un adiantado. Dúas foron as ocasións nas que o literato máis traducido á historia despois de Agatha Christie estivo en Vigo en 1878-1884, do seu puño e letra inmortalizou en diarios de viaxe canto lle gustou e o ben que o recibiu o pobo de Vigo, "xa falarei con vostede dos lugares que visitamos, todo é verdadeiramente fermoso, Vigo, Lisboa, moi fermosas de verdade e acolléronnos moi ben por todas partes", relataba Verne nunha carta enviada ao seu amigo o editor Pierre-Jules Hetzel. Noutra carta, esta enviada ao seu amigo



Raúl Duval, Verne plasmou unha das máis concisas e fermosas descrições nunca feitas da nosa ría, “non podeades imaxinar nada máis admirable que esta Bahía de Vigo, lago inmenso rodeado de montañas”.

Excelentísima Corporación Municipal de Vigo é hora xa de agradecer todo o que este vigués do pasado fixo pola nosa cidade, de engrandecelo e poñelo en valor e porque non dicilo, de utilizalo para que todos nós, e sobre todo o resto do mundo, saiba que este lago inmenso, rodeado de montañas chámase Ría de Vigo, cidade de Vigo, e que queremos gritarlle a ese mundo que podemos e queremos seguir recibindo novos vigueses como a Verne, con novas aventuras que aumenten a nosa lenda.

Falaríalle se tivese tempo dun dos primeiros tempos percorridos turísticos que se fixeron na nosa cidade, a visita á Fortaleza do Castro que fixo Verne hai 140 anos, a mesma que hoxe en día fan miles de cruceristas e de turistas, vista admirable da “Bahía y de los valles”, escribiu. Dos cafés que tomou na praza da Constitución do Casco Vello, dos cales mesmo anotou o seu prezo, no seu diario de viaxe, da reparación do seu barco, Saint Michel III, feita por un caldereiro da industria de Sanjurjo Badía. Da súa participación na procesión do Cristo da Vitoria “mulleres camiñando sobre os xeonllos durante catro horas” escribiu Verne tremendamente impresionado, ou tamén do seu paso por unha das nosas festas máis identitarias, a Reconquista, “festa pola independencia recobrada en 1809 sobre os franceses”, “lumes de artificio, música, admisión ao Casino, Igrexa recente, murmurio, non hai cadeiras” escribiu despois de visitar a Colexiata de Santa María de Vigo.

Hoxe concelleiros/as podemos humildemente comezar a contribuír a permanencia e enaltecemento deste feito histórico como xa comezaron a facer periodistas, novas asociacións e estudosas da nosa cidade. Hoxe, o día 22 de decembro, o día da lotería, temos que darnos conta que a nosa cidade xa lle tocou o premio gordo fai moitos anos e aínda o temos sen cobrar, hoxe podemos comezar a recuperar ese tempo perdido.

Por iso lles pido o seu voto favorable as estas catro propostas que van moito máis alá de poñer unha simple rúa para Julio Verne. As propostas son as que teñen vostedes na súa moción, nomear unha rúa co nome de Julio Verne tratando esta cuestión na Comisión de Nomeamentos de Rúas deste Concello, crear unha exposición aberta ao público sobre a súa figura, organizando visitas para centros

educativos e asociacións xuvenís, incluír referencias a Julio Verne na promoción turística da nosa cidade e realizar as xestións necesarias para albergar o Congreso Internacional Verniano na nosa cidade que se ven de celebrar na cidade de Barcelona.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós non imos engadir moito máis do que acaba de explicar o concelleiro propoñente da moción, todo o que sexa evidentemente favorecer que persoeiros que teñen moito que ver con esta cidade e que ademais lle dan un pulo de promoción e de dignidade a propia cidade, parécenos ben.

O único que nos gustaría matizar é que na resolución da moción di textualmente “nomear unha rúa da cidade co nome de Julio Verne”, nós presentamos unha emenda porque hai moitas persoas tan dignas ou máis que o propio Julio Verne neste cidade que están esperando que se lle asigne, mulleres que foron moi significadas no movemento feminista de traballador/as desta cidade, outras persoas que teñen que ver tamén co traballo social nesta cidade que levan agardando tempo, e ademais que neste Concello, como ben sabemos os concelleiros/as, hai un órgano que é precisamente a Comisión de Rúas que é pola que se debe traer os nomeamentos e non facelo ao revés, é dicir, que o Pleno aprobe e que despois vaia á Comisión. Simple é o que queríamos matizar ou engadir nesta moción por iso propoñemos unha emenda de substitución do primeiro punto onde se diga “trasladar á Comisión de Rúas do Concello de Vigo a proposta de poñerlle unha rúa do noso Concello a Julio Verne”, esa é a nosa emenda e por suposto que esperemos que sexa aceptada e votaríamos a favor.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Antes de comezar a debater o ámbito do que é natural da moción, quixera dicir algo para min de principios e de valor, a dignidade e a lexitimación dun alcalde e dun goberno, non a marca unha persoa ou un grupo político, márcana a maioría social, unha maioría social cada vez maior, que cada vez avala non só a xestión deste Alcalde, senón a xestión deste Goberno do cal eu me atopo orgulloso de pertencer.

No ámbito do que é xa a moción, quero dicir que estou totalmente de acordo cos catro puntos que se inclúen na mesma e coa emenda da moción presentada polo Sr. Domínguez, xa que loxicamente para calquera proposta de nominación dunha

rúa está o ámbito da Comisión de Rúas, polo tanto, é un tema formal pero que debemos acollernos todo o que se aprobe neste Pleno.

Sen que realmente, como se soe dicir habitualmente pero que é certo neste caso, alégrame a oportunidade que me brinda o membro do Partido Popular que formula a moción porque a presenza de Verne nas accións programadas e promocionais do turismo de Vigo é tan patente que resulta difícil non vela, Sr. Pérez. Pero agradecemos a oportunidade de adicar este tempo a presentar o que día a día usan centos de visitantes e demandantes de información sobre Vigo dos cinco continentes e que están a disposición de tódolos vigueses gracias ás presentacións locais das campañas internacionais e a posibilidade de visitar a web, as redes sociais e a guía da cidade que realiza o Concello de Vigo; por exemplo, quero comentarlle que en campañas internacionais no ano 2012 a través do convenio con Vueling, presentouse unha revista interna, unha promoción de Vigo utilizando precisamente a obra de Julio Verne que vostede comentaba.

No ano 2012, campaña de “Vigo and París” cunha reprodución da escultura alegórica de Verne e frases alusivas ao mesmo, no ano 2013 a campaña de Vueling propiamente referida ao Sr. Aronnax, elemento fundamental de “Viente mil leguas de viaxe submarino”, no ano 2014 campaña de Air France, Iberia e Volotea sobre os mesmos elementos alegóricos da obra de Julio Verne e a súa relación con Vigo, no ano 2014 simplemente hai un mes, campañas de Air Nostrum tamén relativas nas súas publicacións internas, promocionada tamén con Turismo de Vigo, Concello Vigo, campaña no mesmo sentido, é dicir, tendo como sempre a Julio Verne e a súa obra en relación con Vigo.

Merchandising, cofres cos dobróns de Rande e elementos alegóricos e fundamentais na relación precisamente de “20.000 leguas de viaxe submarino” con Vigo, equipamentos permanentes, contidos vernianos na área expositiva do recinto de recepción de visitantes e do Centro de Interpretación de Vigo e a súa ría, publicacións de turismo no que se recolle a vinculación de Vigo con Verne, guía da cidade, páxinas 13 e do 1 á 59, na web, referencia de sete seccións da web, seis seccións fan referencia “o monumento de Vigo, Vigo literario, Batalla de Rande, zona de ocio de Montero Ríos, ruta central de Vigo en cen minutos e os cen imprescindibles de Vigo”, fanse referencia precisamente na obra de Vigo. Na sección de actualidade na web, Facebook e Twitter, catro artigos como mínimo ao

ano en cada medio e que se adxunta no anexo que lle poden proporcionar a vostede e a este Pleno. En definitiva, creo que a presenza, a relación de Turismo de Vigo e aproveitamento da obra de Julio Verne creo que é exhaustiva dende o ano 2012 ata agora, e continuaremos polo proxecto no ano 2019 de facer un evento singular neste sentido relacionado precisamente coa obra de Julio Verne e o desenvolvemento industrial de Vigo, e a tecnoloxía.

SR. PÉREZ DÁVILA: Sr. Rodríguez Escudero, iniciaba vostede a súa intervención dicindo esa lexitimidade, non que non entrara en cuestións políticas neste debate, podería dicirlle que a lexitimidade tamén do Presidente o Sr. Feijóo e tamén a mesma que a do Sr. Caballero e vostedes a cuestionan tódolos días, e máis incluso porque gañou as eleccións, é verdade. Pero estamos a falar neste caso dunha cuestión de cidade que entendo tremendamente importante, dicía vostede que as accións de turismo sobre Julio Verne estanse facendo, non o dubido, eu o que si creo concienzudamente é que podemos facer moito máis, cando viaxamos por grandes cidades europeas que teñen grandes ríos navegables, que non son esta ría nin por asomo, vemos como si realmente explotan todo o que poden ofrecer, estou convencido, eu e gran número de vigueses que podemos explotar aínda máis esta grandeza de poder ter a Verne tamén entre os nosos vigueses.

Fai uns días presentei esta moción e foi moi ben recollida polos medios de comunicación, algo que é de agradecer e mesmo houbo un medio dixital de última hora que escribiu algo que me gustaría trasladarlles, "Vigo ten unha débeda pendente dende hai moito tempo e é hora de cumprir. A figura do escritor francés e a súa relación coa cidade é un tesouro tan grande como o que se afundi no estreito de Rande en 1702, o seu paso por Vigo debería ser destacado para a promoción cultural e turística da ría. As veces criticamos aos representantes políticos pero hoxe mérecense o noso recoñecemento". Gustaríame compartir este recoñecemento con toda a Corporación para que non só sexa esta unha proposta do Partido Popular, senón para que sexa o inicio como dicía na miña anterior intervención, no altecemento conxunto de orgullo de toda unha cidade que viu pasear polas súas rúas a Julio Verne a navegar polas súas augas ao mítico Nautilus. Fai uns días escoitando unha entrevista de radio, o Alcalde de Vitoria, Sr. Maroto, este despediuse convidando a todo o mundo a visitar a catedral na que Ken Follett

inspirouse para escribir “Los pilares de la Tierra”, a catedral vella da Vitoria, e pensei canto me gustaría que o Alcalde da miña cidade puidera facer o mesmo, falando dos tesouros que o Nautilus e Verne recollían na ría de Vigo, agardo poder escoitalo algún día.

Por último, quero rematar a miña intervención convidando ou utilizando verbas de xentes, non miñas, senón de xentes de tódalas partes do mundo que lle adican xa a nosa cidade sen que nin sequera nós nos decatemos, para iso fixen un simple servizo que aproveito e invito a todo o mundo que faga, entrar en Twitter e escribir Julio Verne Vigo, alucinei, recoméndolle que todos vostede o fagan. Inés Fernández unha viaxeira e unha blogueira de Zaragoza dicía: sabiades que Julio Verne estivo en Vigo? Cunha foto do monumento que temos na nosa cidade. Marta unha viaxeira de Santander subiu foto ao carón da estatua de Verne co texto “co Sr. Julio Verne tomando un polbo en Vigo”, e o máis especial de todos, Yago D'alessandro dende Bos Aires, Arxentina que escribiu isto: “non penso morrer sen chegar a Vigo en globo e coñecer a estatua de Verne e a súa historia”.

O mundo enteiro admira xa a Julio Verne mentres nós en Vigo, aínda temos moito que facer, hoxe temos a oportunidade de comezar a agradecerlle a este vigués do pasado, todo o que el nos deixou, anímolles a que o fagamos xuntos.

PRESIDENCIA: Entendo que acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galega. Procedemos á votación, primeiro votamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego nos termos que foi lida.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Dominguez Olveira, presenta a seguinte emenda de substitución:

Substituír o texto do primeiro punto do acordo polo seguinte:

1.- Trasladar á Comisión de Rúas do Concello de Vigo a proposta de poñerlle a unha rúa do noso concello o nome de Julio Verne.

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Pérez Davila, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aceptar a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 10.12.2014 (Rex. Nº 1022/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Pérez Davila, coa emenda de substitución presentada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, co seguinte texto:

- 1.- Trasladar á Comisión de Rúas do Concello de Vigo a proposta de poñerlle a unha rúa do noso concello o nome de Julio Verne.
- 2.- Creación dunha exposición aberta sobre a obra de Julio Verne e o seu paso por Vigo, organizando visitas para centros educativos e colectivos xuvenís da cidade.
- 3.- Incluír referencias á relación de Julio Verne con Vigo nas accións de promoción turística da cidade.
- 4.- Realizar as xestións necesarias para recibir e albergar o “Congreso Internacional Verniano” na nosa cidade nalgunha das súas próximas edicións.”

**4.4(237).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO AO PLENO A CREACIÓN DE LANZADEIRAS DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO SOLIDARIO. EXPTE. 1023/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de decembro de 2014, número 1023/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sr. García Miguez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN:

“Este mes de novembro a cifra do desemprego en Vigo é de 31.372 persoas e dende o Partido Popular continuamos facendo propostas en positivo para que esta cifra diminúa e a promesa do Alcalde de Vigo en 2007 de pleno emprego sexa real.

Facilitar a inserción laboral a través da participación activa e o desenvolvemento de traballo cooperativo é unha medida de gran importancia que promove a procura activa de emprego cun espírito dinámico e solidario.

Debemos involucrarnos en todas as ideas e proxectos dos axentes sociais e a cidadanía. Unir esforzos rompendo barreiras, derrubando tabús e repensar formas de facer.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

A creación de lanzadeiras de emprego e emprendemento solidario.”

Con data 15 de decembro de 2014, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE.-

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Como xa sei a resposta que me van dar a miña moción, porque vostedes, pleno tras pleno, en vez sumar fan o de sempre, rexeitar calquera iniciativa que veña do Partido Popular, as iniciativas do Partido Popular habitualmente non lle serven, hoxe voume adiantar a ver se por unha vez cambiando a estratexia nos din algo que van facer en Vigo en materia de emprego. Só lles quero lembrar que a situación actual dos estaleiros na cidade do naval vigués é gracias ao traballo e a xestión da Xunta de Galicia. O que haxa futuro na automoción da nosa cidade é gracias ao traballo da Xunta de Galicia, da que se van beneficiar máis de 20.000 familias, por suposto tamén, agradecer a colaboración e o apoio aos traballadores. O novo hospital coa carga de traballo que vai xerar e o

que iso vai producir e vai repercutir en positivo na nosa cidade o novo hospital público Álvaro Cunqueiro de Vigo tamén é gracias á xestión da Xunta de Galicia.

Con respecto ao traballo materia de emprego da zona franca, quero facer unha mención especial porque é o mellor que se fixo ata a data neste organismo, o Porto do Molle, o programa ViaVigo e un motón iniciativas que está facendo a delegada a Sra. Teresa Pedrosa, que está poñendo en marcha ela e seu equipo, por suposto.

A Deputación de Pontevedra, que está facendo un enorme esforzo no seu plan de emprego, parece mentira, polo que lle escoitei antes, parece descoñecedor das propostas e dos proxectos que se están a facer con máis de 62 millóns de euros de investimento nos últimos cinco anos, precisamente hoxe publícanse as bases no Boletín Oficial da Provincia, invito á tódolos xoves e persoas a participar porque hai 198 prazas de bolsas de práctica laboral, por suposto as persoas traballan e teñen un soldo, para titulados universitarios e persoas de ciclos superiores; hoxe está publicado no Boletín Oficial da Provincia, invítolles aos xoves a participar.

O Porto de Vigo, incrementou enormemente o turismo de cruceiros, unha labor digna de admiración. Vostede saben o que significa para Vigo a autoestrada do Mar, a ampliación da AP-9, a estación do AVE? Todos eles proxectos impulsados e que se están levando a cabo na actualidade, que son grandes xeradores de emprego. Nin que dicir da nova depuradora que o outro día tiven o gusto de ter estado alí vendo un pouco como é esa infraestruturas, espectacular é unha obra fundamental, creadora de emprego específico, serio, de calidade, especializado. O Goberno Central tamén publica hoxe o Decreto que regula o Programa de Activación para o Emprego, apoiado polos sindicatos, empresarios e pola Ministra da Área. Todo isto que seguro que deixo algo no tinteiro, é a aposta de emprego máis importante que se fixo na historia da nosa cidade. Dende a Xunta de Galicia, dende o Goberno Central, dende o Porto de Vigo e dende Zona Franca, xa que todas estas infraestruturas e proxectos fan que a nosa cidade poida ir crescendo, desenvolvendo a súa industria e o seu potencial que é enorme. O Goberno de Vigo ao que se adica é a fomentar o paseo en vez do traballo, o Goberno Local ten unha responsabilidade que debe asumir, e debe poñerse a traballar para que a situación da nosa cidade cambie.

Unha vez máis dende o Partido Popular, Pleno tras Pleno propoñemos medidas para solucionar a situación de 31.372 familias na nosa cidade que se atopan sen



traballo. Queremos eses cartel de pleno emprego que prometeu en 2007 na lonxa do Concello o Alcalde, e ímoslle axudar para que poida conseguilo, como responsables políticos.

Polo tanto, por iso pedímoslle como iniciativa novidosa e que dende logo unha vez máis solicitamos ao Pleno desta Corporación a creación de lanzadeiras de emprego e emprendemento solidario.

SR. ALONSO PÉREZ: Non é rigoroso que nós nos aprobemos mocións do Partido Popular, acabamos de aprobar dúas, a de Protección Civil e a de Julio Verne, o que non podemos é aprobar moción que presente o Partido Popular en materia de emprego porque é o principal responsable do desemprego.

Acaba de dicir na súa exposición que medrou o emprego gracias ao Partido Popular e a Xunta de Galicia no sector do automoción e naval, pero si só neste dous sectores perdéronse máis de 3.000 empregos dende que goberna Sr. Feijóo, esa é a realidade, nós non nos cansamos de dicir que non podemos aprobar mocións do Partido Popular en materia de emprego porque é a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado os que teñen as competencias, goberna o Partido Popular. Iso é o argumento fundamental, é que son os principais responsables xunto coas políticas que tamén fixo o Partido Socialista, pero o principal responsable nestes momentos é o Partido Popular de que existan en Galicia 260.000 homes e mulleres no desemprego. O Partido Popular é o principal responsable de que haxa 100.000 mozos/as que nos últimos cinco anos tiveran que emigrar, e por iso nós non as aprobamos, porque nos parecería un contrasentido que aquel que é o responsable da situación, lle aprobemos medidas que ademais se limitan a facer propostas neste Pleno sen consistencia, sen ningunha medida concreta, mentres o Goberno do Estado que é o principal responsable resulta que nos ten preparado unha turnet que vai pasar por todo o Estado, como unha especie de circo, onde nos van explicar, por se non nos decatamos de que rematou a crise, é unha vergoña, que a xente como o está a pasar, que as medidas que tomaron e resulta que agora nos veñen a facer esta turnet por tódalas cidades.

O Bloque Nacionalista Galego non vai aprobar medidas de emprego, neste Concello, do Partido Popular porque é o responsable da situación, non o vai facer mentres o Partido Popular non afronte unha reforma fiscal para que paguen máis as

grandes fortunas, mentres non reduzan gastos militares, mentres deixen de apoiar o espolio do noso aforro, Galicia é o país do Estado que perdeu máis capacidade de crédito. Non podemos apoiar mentres non eliminen as deputacións, mentres non poñan unha tarifa enerxética propia para Galicia que é un país excedente, mentres non deixen de facer reformas laborais que rebaixan salarios e facilitan despidos, mentres non atendan ás demandas da oposición, é unha vergoña, no Parlamento galego se lle presentan 1.296 emendas e só aceptan transaccionar unha. Mentres non cambien con esta política o Bloque Nacionalista Galego non pode apoiar propostas de emprego do Partido Popular, mentres segan os recortes en Educación e sanidade, mentres sigan políticas de propaganda e paralizano coa súa política os recursos e as potencialidades que ten Galicia, o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra das propostas do Partido Popular en emprego.

Para nós é unha contradición, a ver se asumen dunha vez a súa responsabilidade e deixan de facer propaganda, vostedes, o Partido Popular é o principal responsable do desemprego, deixen de facer propaganda que a xente pásano mal e xa non os cre, e deixen aínda por enriba de presentarnos agora esta nova iniciativa marabillosa que nos van a contar que a crise rematou, porque non rematou, a crise segue profundamente e a xente está padecendo.

Imos a votar en contra desta moción.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Hai un cambio significativo parece que no Partido Popular encanta que agora con esta batería que facía a Sra. Míguez, da a impresión de que agora xa asumen de que teñen competencias en Emprego, ata fai un días a responsabilidade era toda deste Goberno, pero antes de entrar en materia eu quería facer algunha cuestión que se suscitou aquí en debates anteriores, o primeiro é que cando se fala de pacto, aquí o único pacto que hai oculto é o do Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego que xa levan once anos así, digamos que oculto non tanto por canto a cidade e os cidadáns coñéceno e sábeno. En canto ao Alcalde eu estou moi orgulloso de ser un concelleiro dun goberno presidido polo Sr. Abel Caballero, moi orgulloso porque ter un Alcalde que é o mellor da historia de toda a cidade e que é recoñecido por tódolos cidadáns, e iso é o que lles amola a vostedes e tratan de montar o que montan aquí tódolos días, pero non conseguen que a opinión cambie. Voulles dar un dato cando aquí dicimos

que son uns os que están promovendo estas roturas de Pleno, rebentadores de Pleno, xustamente cando saían de aquí os que rebentaran o Pleno, na praza aquí en fronte mantiñan unha xuntanza cun asesor do Bloque Nacionalista Galego, un asesor do grupo municipal do BNG, con cartos pagados deste Concello, ata aí non hai nada que dicir, pero estábanse xuntando con el, que lles estaba dando, instrucións, consignas? Que é o que estaban a facer? Ou onde se tiñan que situar na rotonda. Polo tanto, xa non había dúbidas pero agora si que non queda ningunha dúbida de quen os organiza.

Indo ao tema de Emprego, Sra. Míguez, eu non quero faltarlle ao respecto pero vostede cando prepara estas mocións e despois as defende toma algo antes? De verdade, toma algo antes? Porque vostede na súa moción fala de creación de lanzadeiras de emprego e emprendemento solidario, sabe vostede o que é iso? Porque non falou diso, non sabe o que iso. Fala despois cando non lle podemos contestar, teña coidado por se fala de telefónica que é a empresa que máis reclamacións ten aquí na Oficina Municipal do Consumidor, e a máis careira, teña coidado por se fala diso.

En canto ao que vostede di de que fan tanto e tan ben na Xunta de Galicia, no Goberno do Estado, en Citroën había 9.000 traballadores cando comezaron a gobernar vostedes no Estado, hai agora 6.000 escasos, 5.980, tres mil menos en Citroën coa súa política, a do Partido Popular, non naval, 10.000 menos, aínda están esperando polos barcos de PEMEX. Pero así en calquera outro sector onde vostedes teñen incidencia, que é en todo, na economía e no emprego que é a súa responsabilidade.

O novo hospital non só non vai a xerar novo emprego senón que vai reducir o emprego que hai porque é un hospital privado e onde se vai externalizar todo. Dicir que a Deputación de Pontevedra xera emprego aquí, é unha auténtica vergoña, ese boletín do que vostede fala voulle ensinar as dúas cartas que hai porque a Vigo véñenlle oito bolseiros de todos eses que fala vostedes de 198 é porque equivocáronse senón non viña ningún. Igual que fan coa Xunta de Galicia, sabe cantos traballadores do Plan de Cooperación xunta gobernos locais para Vigo? Cero, para obradoiros de emprego? Cero, de formación para desempregados? Cero para contratar mulleres vítimas do violencia de xénero? Cero, para o Concello de Vigo da Xunta de Galicia. Esas son as súas políticas de emprego. As do Sr. Abel

Caballero, as deste Goberno Municipal son 925 contratos directos co Plan de Emprego e máis de 3.000 de políticas “keynesianas”, iso si que ó compromiso do Sr. Abel Caballero e deste Goberno cos traballadores/as que están no paro, porque como hai parados, desempregados/as se vostedes estano facendo tan ben? Como se elevou tanto o número deles? É unha auténtica farsa, son uns farsantes.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Quero felicitar a miña compañeira a Sra. Alonso que gracias a ela tomeime uns bombóns e quizais por iso vostede me note co chocolate un pouco máis enérxica, pero o tema e debate creo que é outro, creo que non ten nada que ver.

Do que estamos a falar é de emprego en Vigo, a pesares de que están facendo as lanzadeiras de emprego sei perfectamente do que falo, por suposto que si. En vinte e cinco cidades e once comunidades autónomas a través da Fundación Telefónica e Fundación Santa María la Real, a pesares de que se estea a facer, impulsados por estas Fundacións, pódense levar perfectamente a cabo como programa de iniciativa social, estano facendo en moitas organizacións, en espazos coworking, en Pontevedra, en Vigo, dunha maneira totalmente gratuíta, vostede ten que ir máis alá, vostede ten que buscar onde se están a facer cousas gratuitamente. Vostede ten que buscar que se pode facer cos recursos económicos menores para poder levar a práctica iniciativas que cren emprego, ese é o seu traballo.

O ano pasado falaba de cartos que había gardado, que non é capaz de executar non sei que institución, vostede mesmo que o ano pasado quedaron máis de dous millóns de euros sen executar de emprego e esta ano vai polo camiño.

A proposta do Partido Popular foi, dende que empezamos a traballar nos últimos anos, impulsar o teletraballo que non o levaron a cabo, votaron en contra, facilitar o acceso a microcréditos, que votárono en contra e a capital semilla, vostedes votárono en contra, darlle carácter anual e de continuidade a un Plan de Emprego Municipal, levar a cabo unha feira de emprego que temos que facelo a través de asociacións e organizacións para que realmente a cidade poida crecer como é público. Poñer en marcha un boletín de emprego, que ata o Concello de Cospeito que ten 5.000 habitantes pono en marcha e o Concello de Vigo, vergoña debería darlle, unha bolsa de emprego en Porriño, Mos, Soutomaior, é que non se lle ocorre nada Sr. Rodríguez Díaz, activar a intermediación e a orientación laboral, reanudar

o asesoramento a emprendedores, elaborar un plan de emprego para maiores de 45 anos, todas esas iniciativas do Partido Popular, dinamizar unha base de datos que está alí máis morta que viva, a planta carta do Concello, modificar as bases e a convocatoria do Plan de Emprego de mozos, que lle sobra tódolos cartos, que o fan mal, tarde, pesimamente, a min daríame vergoña, dígollo de verdade. Darlle uso aos espazos baleiros, que hai moitos espazos baleiros e agora poden vostedes votar en contra desta moción, das máis de 31.000 persoas desta cidade en paro. Non aceptan as nosas propostas? Peor para vostedes.

VOTACIÓN E ACORDO: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 10.12.2014 (Rex. Nº 1023/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

### **5.1(238).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DO BANDO PARA AS OBRAS.**

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Temos un rogo que é que por favor cumbran o Bando que redactaron vostedes mesmos.

PRESIDENCIA: Os rogos xa pasaron, estamos en preguntas, voulo permitir.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar que cumbran o Bando que vostedes mesmos redactaron para as obras porque realmente son moi molestas nesta época do Nadal, se o Bando está feito é porque é así e falando de Peniche, rogarlle que cando pase o prazo que é o día sete cando se pode reiniciar, que arranxen os dous fochas que están alí nese mesmo cruce.

PRESIDENCIA: Seguramente as fochas arranxamos antes, porque non é cousa de que no Nadal a xente teña que soportar unha focha e esa é a razón polo que se fixeron as obras estes días, porque é o momento, cúmprese escrupulosamente o Bando que contempla excepcións Sra. Egerique como vostedes sabe moi ben que vostede entende moi ben o Bando, leuno e estudouno ben, como vostede fai sempre e está cumprido.

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

### **6.1(239).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO AO CAMBIO DO NOME DO CRUCE PENICHE POLO DE PRAZA DA APERTA.**

SR. ALONSO PÉREZ: No xornal vigo.org do día 18, aparece a noticia de que o Goberno Local ten a intención de cambiar o nome do cruce de Peniche polo de Praza da Aperta, esta decisión provocou críticas da Universidade e da Real Academia Galega por ser Peniche un topónimo único de todo o Estado que permanece e sobrevive na cidade de Vigo. A pregunta é, é certo que o Goberno Local pretende cambiarlle o nome ao cruce de Peniche?.

PRESIDENCIA: Se vostede seguira os meus programas de televisión sabería que non, porque xa o dixen, importante Sr. Alonso, tiña que seguir vostede o programa de televisión porque efectivamente correu ese rumor, eu non sei de onde saíu ese rumor, o nome de Peniche é un nome toponímico, precioso, encántanos, todos paseamos por alí e mentres nos poidamos ese nome vai continuar como Peniche. Polo tanto, non hai ningunha intención de cambialo nome, vai ser unha praza que vai quedar moi ben, pero será a Praza de Peniche, como corresponde.

**6.2(240).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO AO ESTADO DUNHA PREGUNTA PRESENTADA SOBRE O PECHE POR OBRAS DO SÚBETE AO CASTRO.**

SRA. VELOSO RÍOS: No Pleno do mes pasado presentamos unha pregunta sobre o peche por obras do “Súbete ao Castro” recibimos unha resposta por escrito este venres na que se nos di concisamente que se está a proceder a avaliación do estado do inmovible por parte dos técnicos municipais e gustaríamos saber se hai xa un informe sobre a situación do inmovible e cales son as obras previstas e o prazo de realización.

PRESIDENCIA: Contestámoslle por escrito.

**6.3(241).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. VELOSO RÍOS,**

**RELATIVO AO ESTADO DUNHA MOCIÓN ONDE SE ACORDOU A COLOCACIÓN DE PICTOGRAMAS.**

SRA. VELOSO RÍOS: Que pasa coa moción que foi aprobada no mes de xuño na que se acordou a colocación de pictogramas para facilitar a accesibilidade aos edificios públicos das persoas con discapacidade e que non recibimos aínda resposta, nin se executou.

PRESIDENCIA: Contestámoslle por escrito.

PRESIDENCIA: Non habendo máis cuestións, señoras/es felices festas, este foi un Pleno morno, se non nos vemos Feliz Ano Novo e moitas gracias.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.